







Avanzando dende Galicia cara o 2020


O momento actual é dunha importancia histórica para Europa. Son estes tempos difíciles que nos presentan tantos retos como oportunidades de seguir avanzando no proxecto europeo común, e de facelo cunha especial énfase desde Galicia. O 2013, Ano Europeo dos Cidadáns, ofrece un marco acaído para reflexionarmos e apoiar firmemente este obxectivo.

Nun contexto de crise e transformacións relevantes, a Unión Europea ten cimentado os alicerces necesarios para superar os problemas máis significados que están afectando ao continente, moi especialmente aos países da zona euro. Neste senso, o pasado ano déronse pasos firmes cara a unión bancaria e fiscal, ademais de continuar reforzando a coordinación das políticas económicas.

Como cidadáns galegos e europeos, as eleccións ao Parlamento Europeo de 2014 permitirán que demostramos o noso compromiso co proxecto europeo a través do voto. Son numerosas as medidas que están a ser impulsadas para afrontar a difícil situación de crise económica desde as institucións europeas. Neste sentido, cómpre subliñar o fundamental compromiso que temos coa nosa xente moza, cara á que se orienta decididamente a Iniciativa Europea polo Emprego Xuvenil que virá da man co novo Marco Financeiro para o período 2014-2020.

En Galicia tamén estamos a prestar a atención esixida por este e outros importantes desafíos, como demostra o destacado traballo que se está a facer para a elaboración dunha estratexia de especialización intelixente encamiñada cara a obtención dos fondos de cohesión no vindeiro período orzamentario. A aposta pola I+D+i desde Galicia, xa concretada no Plan Estratéxico 2010-2014, vese neste momento reforzada polas sinerxías que ofrece a programación orzamentaria da Unión; unha mostra máis das posibilidades do noso avanzar conxunto para lograr unha axenda de crecemento baseada no coñecemento, a sostibilidade e a cohesión social.

A política rexional europea, así como a reforma daquelas cunha forte incidencia nos nosos sectores produtivos, especialmente as políticas agrícola e de pesca, seguen centrando boa parte dos nosos esforzos na defensa dos intereses



galegos perante a Unión Europea, a través tanto da participación no Comité das Rexións como do labor da Fundación Galicia Europa.

Conxugar os esforzos adicados aos nosos sectores tradicionais coas achegas máis innovadoras é a mellor forma de configurar unha aposta estratéxica que dea conta do auténtico potencial de Galicia no escenario europeo.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia
Presidente da Fundación Galicia Europa




Galicia, rexión europea

A actualidade europea neste ano 2012 estivo marcada polas negociacións previas á adopción do Marco Financeiro Plurianual 2014-2020, que establece as prioridades orzamentarias da Unión para este período, sobre a base da proposta da Comisión Europea, á vez que abre a porta ás negociacións que determinarán os futuros programas integrados na Política Rexional. Os Estados membros e as institucións comunitarias debaten as súas propostas e iniciativas, con especial atención á regulación dun Marco Estratéxico Común que, por primeira vez, establecerá unha normativa única para todos os fondos estruturais.

A nosa Comunidade, a través da Fundación Galicia Europa, estivo a realizar un continuo seguimento do avance das negociacións. Decidimos desempeñar un papel activo na configuración do Marco, avogando por un reparto equitativo entre as rexións e defendendo os nosos intereses. Apostamos pola diminución gradual dos fondos estruturais para as rexións que abandonan por primeira vez o obxectivo “Converxencia”, en coordinación coas rexións europeas que tamén afrontaban este problema. Froito deste inxente labor, acadamos un indubidable éxito ao conseguir o mantemento do 60% dos fondos que viñamos gozando no presente período orzamentario.

Porén, non podemos caer no triunfalismo e debemos prestar atención aos retos que agora se nos formulan. Europa camiña cara a sociedade do coñecemento, na que a investigación, o desenvolvemento e a innovación terán un papel central como motores da competitividade e do crecemento económico. Nun mundo cada vez máis globalizado, Galicia debe decidir o seu modelo de futuro con base nunha estratexia de especialización intelixente, identificando as nosas fortalezas e as vantaxes comparativas que nos diferencian das demais rexións europeas.

Antes de 2014 haberá de acordarse a configuración das distintas políticas comunitarias, incluíndo campos tan importantes para o noso sector produtivo como é a Política Pesqueira Común, a Política Agraria Común ou a cooperación transfronteiriza. Con este obxectivo en mente, Galicia está levando a cabo iniciativas para explicar en diferentes foros a súa posición de cara á reforma destas políticas, creando sinerxías con outros actores públicos e privados, tanto galegos coma europeos.



Todo este labor non sería posible sen o apoio da Fundación Galicia Europa, a nosa oficina en Bruxelas, que nos permite coñecer de primeira man de canto sucede nas instancias comunitarias. Os recentes éxitos non deben supoñer senón un pulo para continuar neste camiño, apostando polo decidido europeísmo que sempre caracterizou a sociedade galega

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia
Vicepresidente da Fundación Galicia Europa



Comprometidos con Galicia e con Europa

Nun ano difícil como este 2012, continuamos firmemente a promover o achegamento de Galicia á realidade europea e a difundir os valores europeos entre a sociedade galega. Para o bo desenvolvemento desta tarefa contamos co labor incansable da Fundación Galicia Europa a través das súas oficinas en Santiago e Bruxelas.

Ao longo deste ano, Galicia desenvolveu un activo papel no Comité das Rexións, ostentando desde xullo unha das súas vicepresidencias. Así mesmo, liderou o ditame “Incremento do impacto da política de desenvolvemento da UE: Programa para o cambio”, aprobado por unanimidade durante o primeiro pleno do ano. Porén, a nosa actividade non se limita só a este órgano comunitario que dá voz ás rexións de Europa, posto que tamén participamos ao longo do pasado ano no Consello da UE e nos comités de asesoramento e regulamentación da Comisión Europea.

A reivindicación da “rede de seguridade” supuxo un dos principais eixos de traballo da Fundación Galicia Europa neste ano. Así, intensificamos os contactos coa Comisión Europea e co resto das rexións que conforman a rede CROWC, logrando o apoio dos principais actores europeos para ver recoñecida a reivindicación de manter un importante volume de axudas alén do 2014.

Ademais, Galicia continuou a reforzar en 2012 o seu compromiso coa cooperación territorial transfronteiriza, macrorrexional e interrexional. Neste último aspecto, Galicia mantivo unha presenza destacada na rede de rexións atlánticas agrupadas na Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas de Europa, especialmente a través do grupo de Pesca, do que é coordinadora, e do grupo de traballo Estratexia Atlántica.

Foi tamén destacada a participación de Galicia e da Fundación Galicia Europa na Semana Europea das Rexións e Cidades, Open Days 2012, acollendo diversos encontros sobre cooperación territorial. Estes eventos serviron de espazo de reflexión sobre a cooperación transfronteiriza, eido no que Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal segue a consolidarse como un referente, ademais das oportunidades que presentan as alianzas macrorrexionais.

O compromiso de colaboración da Fundación Galicia Europa con entidades públicas e privadas segue a manifestarse mediante a sinatura de convenios específicos coa Consellería de Medio Rural e do Mar, coas cámaras de comercio e coas universidades para incrementar a presenza de Galicia en Bruxelas, para fomentar o emprendemento e para a formación europea dos estudantes galegos respectivamente.

Así mesmo, a nosa participación en proxectos europeos segue a consolidarse nos eidos da ecoinnovación e do emprendemento, onde a experiencia contrastada da Fundación Galicia Europa supón un valor engadido para os proxectos Eco-innova e Emprende, especialmente no labor de difusión e diseminación dos seus resultados.

De maneira transversal, a divulgación da actualidade europea e das posibilidades que pode aportar a Unión Europea á sociedade galega tivo como principal canle de comunicación tanto o portal web, puntualmente actualizado coas novas máis relevantes, como o posicionamento dixital nas redes sociais máis destacadas.

A Fundación Galicia Europa mantivo o seu compromiso de contribuír á inserción laboral dos mozos galegos, a través da selección de seis bolseiros que adquiriron unha formación especializada nos asuntos europeos e nas políticas que máis afectan a Galicia. Ademais, participamos en diversas xornadas dirixidas aos estudantes universitarios, presentando a versión actualizada da "Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e nas organizacións internacionais", que xa acadou a súa terceira edición.

En definitiva, un ano máis a Fundación Galicia Europa vén de renovar o seu compromiso coa sociedade galega, avogando por unha maior concienciación dos seus cidadáns respecto ao proxecto europeo e por afrontarmos unidos os desafíos comúns.



Jesús Gamallo Aller
Director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia
Director da Fundación Galicia Europa

ÍNDICE

01	11	A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA
	11	1.1. Obxectivos
	12	1.2. Padroado e entidades membros
	15	1.3. Organigrama
	16	1.4. Convenios da FGE coa Xunta de Galicia e con outras entidades
02	19	PROMOCIÓN DOS INTERESES GALEGOS EN EUROPA
	19	2.1. Participación de Galicia no Consello da Unión Europea
	20	2.2. Participación de Galicia no Comité das Rexións
	21	2.3. Participación de Galicia nos comités da Comisión Europea
	22	2.4. Colaboración entre as oficinas rexionais españolas en Bruxelas
	24	2.5. Accións desenvolvidas no ámbito das políticas comunitarias con maior impacto en Galicia
	31	2.6. Organización de encontros en Bruxelas entre representantes galegos e responsables das políticas comunitarias con impacto en Galicia
	34	2.7. Organización de seminarios e conferencias en Bruxelas
	39	2.8. Actividades de promoción de Galicia en Bruxelas
03	43	FOMENTO DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS
	43	3.1. Asesoramento da FGE a entidades galegas
	44	3.2. Participación da FGE en proxectos europeos
	49	3.3. Oficina de Información Europea para a Xuventude
04	51	INFORMACIÓN SOBRE A UE EN GALICIA
	51	4.1. Portal web
	52	4.2. Redes sociais
	54	4.3. Boletín electrónico
	55	4.4. Colaboración cos medios de comunicación
	57	4.5. Resolución de consultas
05	59	FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN
	59	5.1. Bolsas
	60	5.2. Visitas formativas a Bruxelas
	63	5.3. Cursos, seminarios e xornadas en Galicia
	69	5.4. Celebración da Semana de Europa
06	73	EUROPA EN GALICIA. QUEN É QUEN?
ANEXO I	77	ÍNDICE DE SIGLAS

01

A Fundación Galicia Europa

1.1. Obxectivos

A Fundación Galicia Europa (FGE) foi creada en 1988 como unha entidade sen ánimo de lucro que desenvolve accións para promover o achegamento entre Galicia e Europa. Está vinculada funcionalmente á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, e conta con dúas oficinas, unha en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas, pertencendo esta última ás ao redor de 300 representacións rexionais sitas na capital comunitaria.

O labor da FGE nos seus 24 anos de historia materializouse en catro grandes ámbitos de acción, que responden a dous grandes obxectivos: unha mellor comunicación da actividade europea en Galicia e o reforzo da posición de Galicia no contexto europeo.



Sesión plenaria do Comité das Rexións.

- **Defender os intereses de Galicia ante a UE.** A FGE leva a cabo unha serie de actividades encamiñadas á promoción dos intereses rexionais ante as institucións europeas. Isto tradúcese en diversas accións, como o seguimento das políticas, normativas e recomendacións adoptadas a nivel comunitario, e a elaboración de informes de análises sobre estas, dirixidas especialmente á Administración autonómica galega. Así mesmo, presta apoio e asesoramento técnico e lóxico aos participantes galegos en foros como o Comité das Rexións e outras reunións a nivel comunitario, incluídas as que organiza a propia FGE e que serven para achegar os intereses de Galicia ao ámbito europeo. Complementariamente, a FGE organiza diversas actividades para dar a coñecer a cultura e a identidade galegas en Bruxelas.
- **Promover a participación galega en proxectos europeos.** A FGE, a través das súas dúas oficinas en Santiago e Bruxelas, fomenta a participación de entidades galegas en proxectos europeos, co fin de potenciar a competitividade dos sectores público e privado galegos e preparar á sociedade galega de cara ao novo marco financeiro plurianual 2014-2020. Esa promoción tradúcese en asesoramento técnico, busca de socios a escala europea, organización de reunións con representantes

das institucións comunitarias, participación da FGE no consorcio promotor dos proxectos que resulten de interese, e organización de cursos de elaboración e xestión de proxectos en Galicia.

- **Informar sobre a Unión Europea en Galicia.** A FGE conta con varias ferramentas informativas para achegar á sociedade galega a actualidade da UE, e para ofrecer a entidades galegas a posibilidade de participar en programas de financiamento comunitario. A través do seu portal web, www.fundaciongaliciaeuropa.eu, pode consultarse a actualidade da FGE e daqueles temas comunitarios que afectan a Galicia. En 2012, a presenza da FGE en Internet estendeuse ás redes sociais grazas á creación dun perfil en Facebook, Twitter, Flickr e Youtube. A FGE edita, ademais, varias publicacións especializadas en temas europeos, así como un boletín electrónico quincenal que conta con máis de 2.300 subscritores.
- **Formar e sensibilizar sobre Europa en Galicia.** O compromiso adquirido pola FGE coa formación en temas comunitarios a través do seu programa de bolsas, permitiu a máis de 400 persoas coñecer máis de preto a realidade da UE. Así mesmo, a través dos seminarios, cursos e diversas xornadas que organiza a FGE en Galicia, foméntase a formación e sensibilización da sociedade galega en temas relacionados coa Unión Europea.

1.2. Padroado e entidades membros

PADROADO

O Padroado é o órgano de representación, goberno e administración da Fundación Galicia Europa. Está presidido polo presidente da Xunta de Galicia e integrado por representantes das entidades membros da FGE. Reúnese dúas veces ao ano co obxecto de aprobar a xestión económica e a memoria de actividades do exercicio anterior, así como de programar as actividades e o orzamento do seguinte exercicio. En 2012, excepcionalmente e debido ao atraso da aprobación dos orzamentos da Comunidade Autónoma motivado pola celebración das eleccións, soamente se realizou unha reunión, o 19 de xuño.



Reunión dos membros do Padroado da Fundación Galicia Europa

PRESIDENTE:

Alberto Núñez Feijóo

Presidente da Xunta de Galicia

VICEPRESIDENTE:

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas
e Xustiza da Xunta de Galicia

SECRETARIA:

Marta Viñas Hyllass-Bernoud

Asesora Xurídica

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

DIRECTOR:

Jesús M^a Gamallo Aller

Director xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

VOCALES:

Elena Muñoz Fonteriz

Conselleira de Facenda da Xunta de Galicia

Francisco José Conde López

Conselleiro de Economía e Industria da Xunta de
Galicia

Rosa María Quintana Carballo

Conselleira do Medio Rural e do Mar da Xunta de
Galicia

Jesús Asorey Carril

Representante do Consello Galego de Cámaras

M^a Teresa Pedrosa Silva

Delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de
Vigo

José M^a Castellano Rios

Presidente de Novagalicia banco

Diego Calvo Pouso

Presidente Deputación da Coruña.

José Ramón Gómez Besteiro

Presidente Deputación de Lugo.

REUNIÓN DO PADROADO DA FUNDACIÓN GALICIA
EUROPA

O padroado da FGE reuniuse o 19 de xuño na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, departamento do cal depende a Fundación. Na reunión destacou que, como vén sendo habitual, a Fundación continuará traballando para defender os intereses galegos nas negociacións do futuro dos fondos europeos e lograr unha axuda transitoria para Galicia mais alá do 2013. Ademais, seguirá concentrando os seus esforzos naquelas políticas comunitarias que máis afectan aos sectores produtivos de Galicia como as reformas das Políticas Agrícola e Pesqueira Comúns e o apoio ás pemes. Por outra parte, fíxose referencia aos convenios de colaboración que estaba a preparar a FGE con outras entidades, tales como o Igape ou o CCDR-N. Un dos últimos aspectos tratados na reunión do Padroado foi a previsión dun incremento do 4% no orzamento de 2012, como consecuencia da firma dun convenio coa Consellería do Medio Rural e do Mar e do aluguer de parte da oficina de Bruxelas á rede europea de grupos de acción costeira (Farnet). Este incremento do orzamento foi destinado integramente a financiar actividades fundacionais como as bolsas da FGE, as guías de saídas profesionais ou a guía para pemes.

ENTIDADES MEMBROS DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA



GRUPO DE TRABAJO

É un órgano de carácter técnico composto por representantes das entidades membros do Padroado. O grupo de traballo reúne con carácter previo á celebración dos padroados para avaliar as actuacións da FGE e programar actividades futuras. No ano 2012, o grupo de traballo da FGE reuniuse o 8 de xuño.

Integrantes do grupo de traballo:

Fernando Filgueiras Feal

Director de Relacións Institucionais de Novagalicia Banco

Fernando Barros Fornos

Secretario xeral adxunto da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela

Santiago López-Guerra Román

Secretario xeral do Consorcio da Zona Franca de Vigo

Pablo Rivera Capón

Director de Fondos Europeos/Asesor de Presidencia da Deputación de Lugo

José Manuel Álvarez Campana

Asesor do Presidente da Deputación de A Coruña

Jesús Gamallo Aller

Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia
Director da Fundación Galicia Europa

Santiago Álvarez González

Subdirector xeral de Relacións coa Unión Europea
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

Ana Ramos Barbosa

Directora da oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas

1.3. Organigrama

Jesús Gamallo Aller

Director xeral de Relacións Exteriores e coa
Unión Europea
Director da Fundación Galicia Europa

Ana Ramos Barbosa

*Directora da oficina da Fundación Galicia Europa
en Bruxelas*

Pilar González Quintana

Xefa do Servizo de Xestión Económica e
Coordinación Administrativa
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa
Unión Europea
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de
Galicia
Coordinación da xestión financeira

EQUIPO TÉCNICO DE INFORMACIÓN E ANÁLISIS COMUNITARIO

Oficina de Santiago de Compostela

Luis Gago Sotorrío (ata o 30 de setembro)

Oficina de Bruxelas

María Xesús Garea Lodeiro (ata o 31 de agosto)
Vanessa Lobo Casas

COMUNICACIÓN

Oficina de Santiago de Compostela

Clara Alonso Sangil (ata o 13 de xullo)

Oficina de Bruxelas

Bárbara Fachal Santos (ata o 13 de xullo)

ADMINISTRACIÓN E SECRETARIADO

Oficina de Santiago de Compostela

M^a Belén Rodríguez Martín
Responsable de administración

M^a Pilar Louro García
Auxiliar administrativa

Oficina de Bruxelas

Marlène Fernández González
Responsable de administración

Renée Avial García (ata o 31 de outubro)
Secretaria de dirección

LICENCIADOS EN PRÁCTICAS

Oficina de Santiago de Compostela

Cosmin Gabriel Bolea
María Montoiro Salvado

Oficina de Bruxelas

Alexandra Lorena Van de Kolk
Xoana López López
María Munín González - Comunicación

OFICINA DE INFORMACIÓN EUROPEA PARA A XUVENTUDE

Oficina de Santiago de Compostela

Pilar del Oro Sáez
Coordinadora

1.4. Colaboración con outras entidades

A Fundación Galicia Europa mantén convenios e outras formas de colaboración con distintas entidades galegas para o desenvolvemento das súas actividades, xa sexa no ámbito da defensa dos intereses galegos na UE, na formación de mozos en temas comunitarios ou na participación en proxectos europeos.

CONVENIOS CON CONSELLERÍAS DA XUNTA DE GALICIA E CON OUTRAS ENTIDADES PARA O USO DA OFICINA DE BRUXELAS

A FGE veu establecendo dende o ano 2006 convenios con diferentes consellerías da Xunta de Galicia co obxectivo de que estas poidan contar con persoal propio na oficina de Bruxelas para facer un seguimento das políticas máis relevantes para a Xunta de Galicia.

Durante 2012, mantivéronse convenios de colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar e coa Consellería de Cultura e Turismo.

CONVENIO CO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA EN MATERIA DE FORMACIÓN

A Fundación Galicia Europa asinou un convenio de colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica para acoller un bolseiro de formación de promoción exterior na oficina da FGE en Bruxelas.

CONTRATO CON FARNET PARA O ALUGUER DE PARTE DAS INSTALACIÓNS DA OFICINA DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA EN BRUXELAS

O 1 de marzo a Fundación Galicia Europa asinou un contrato de aluguer de parte das instalacións da súa sede en Bruxelas á Rede Europea de zonas de pesca (Farnet, Fisheries Area Network), un organismo establecido pola

Comisión Europea para asesorar na implementación das medidas europeas no desenvolvemento sostible das zonas de pesca. Este contrato permitiralle á FGE ingresar ao redor de 25.000 euros anuais. O contrato de aluguer ten unha duración de tres anos e afecta a unha superficie de 130 m² de uso exclusivo e uns 200 m² de uso compartido, que comprenden a sala de reunións, aseos, cociña, vestíbulo e local para o servidor.

CONVENIO COA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA O MANTENIMENTO DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN EUROPEA PARA A XUVENTUDE EN SANTIAGO

A FGE mantivo durante o ano 2012 un convenio de colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar para o desenvolvemento de actividades de información e documentación dirixidas aos mozos, a través da Oficina de Información Europea para a Xuventude que a propia FGE acolle na súa sede de Santiago de Compostela.

A Oficina de Información Europea para a Xuventude, existente dende 1997 grazas a convenios similares, encóntrase a disposición dos mozos galegos para calquera consulta relacionada coas actuacións da Unión Europea en materia de xuventude como bolsas de estudos, prácticas nas institucións da UE ou financiamento comunitario. Actualmente desenvolve un importante labor como impulsora e xestora de proxectos europeos.

CONVENIOS CON UNIVERSIDADES EN MATERIA DE FORMACIÓN

A Fundación Galicia Europa asinou convenios de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para acoller estudantes en prácticas na oficina da FGE en Santiago de Compostela, co fin de ofrecerlles formación en asuntos comunitarios.

CONVENIO CO GRUPO COMPOSTELA DE UNIVERSIDADES

En 2012 a Fundación asinou un convenio para establecer liñas de colaboración entre a FGE e o Grupo Compostela de Universidades dende unha perspectiva aberta a novas propostas que se consideren necesarias para a proxección de Galicia no exterior, e que entren dentro do ámbito de actuación de ambas as dúas entidades.

CONVENIO CON NOVACAIXAGALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CONXUNTAS

Durante o ano 2012 mantívose o convenio existente entre a FGE e Novacaixagalicia para reforzar a súa colaboración na defensa dos intereses galegos en Europa. En virtude deste acordo, preténdese o desenvolvemento de tres liñas de traballo fundamentais: formación e sensibilización sobre a Unión Europea, promoción da participación das entidades galegas en proxectos europeos e promoción de Galicia en Bruxelas.

SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS CÁMARAS DE COMERCIO DE GALICIA

O director da FGE, Jesús Gamallo, e o presidente do Consello Galego de Cámaras de Comercio, José García Costas, asinaron o 17 de outubro en Vigo un convenio de colaboración para poñer en marcha un programa de formación tutelada dirixido ao fomento do emprendemento empresarial. Este programa foi impartido pola fundación Incyde e pola Cámara de Comercio de Santiago, contando co asesoramento do persoal especializado da FGE. Comezou a mediados do mes de outubro, e tivo unha duración de nove semanas no Viveiro de Empresas da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela. O financiamento do programa, que ascende a un total de 45.000 €, realizouse con cargo ao Fondo Social Europeo nun 80% e foi cofinanciado con fondos propios da FGE no 20% restante (9.000 €).



Sinatura do convenio de colaboración coas Cámaras de Comercio de Galicia

02

Promoción dos intereses galegos en Europa

2.1. Participación de Galicia no Consello da Unión Europea

Desde o 9 de decembro de 2004, as comunidades autónomas participan de forma oficial no Consello da Unión Europea grazas a un acordo asinado coa Administración Xeral do Estado. Esta participación representa un importante paso cara adiante na participación autonómica nos asuntos europeos, xa que é no propio Consello e no Parlamento Europeo onde reside o poder lexislativo da Unión.

En virtude deste acordo, as CC. AA. poden participar en todos os niveis de traballo desta institución europea. Por unha banda, incorporando a un representante autonómico con rango de conselleiro na delegación española dentro das reunións do Consello a nivel ministerial e, por outra, participando nas instancias preparatorias das reunións do Consello, como os grupos de traballo. As formacións nas que este acordo se fai efectivo son as de Agricultura e Pesca; Educación, Cultura, Xuventude, Audiovisual e Deporte (engadido este último en 2011; Emprego, Política Social, Saúde e Consumidores; Medio Ambiente; e dentro do Consello de Competitividade a parte de Xogo.

Debido ao complexo e descentralizado sistema político-administrativo español, este modelo de participación busca integrar as diferentes realidades españolas e fortalecer os mecanismos de formación do Estado, de acordo co principio de unidade de representación exterior do Estado e de lealdade institucional.

Como vén sucedendo desde a implantación deste acordo, a Fundación Galicia Europa prestou en 2012 o apoio necesario aos departamentos competentes da Xunta de Galicia co obxectivo de facilitar a participación e a comunicación entre todas as partes implicadas. A colaboración estendeuse á Representación Permanente de España ante a Unión Europea e ás demais oficinas autonómicas en Bruxelas, o que facilitou o seguimento do desenvolvemento dos traballos nas diferentes formacións do Consello abertas á participación autonómica.

Durante o segundo semestre de 2012, correspondeu a Galicia coordinar a participación autonómica no Consello de Educación, Cultura, Xuventude, Audiovisual e Deporte, na parte referida a deporte, e coincidindo temporalmente coa Presidencia chipriota da Unión Europea. Os traballos durante este semestre centráronse na promoción da actividade física como elemento indispensable dentro das políticas de saúde pública e na loita contra o amaño dos partidos. En total, celebráronse seis reunións do grupo de traballo do Consello dedicado a estes temas aos que acudiu o secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Jose Ramón Lete. Galicia elaborou e acordou unha posición común co resto de CC. AA. que foi aprobada formalmente na Conferencia Interterritorial para o Deporte celebrada o 19 de novembro. O secretario xeral para o Deporte asistiu á reunión do Consello de ministros de Deporte celebrada o 27 de novembro en Bruxelas, integrándose na delegación española presidida polo Presidente do Consello Superior de Deportes en representación das Comunidades Autónomas.

2.2. Participación de Galicia no Comité das Rexións

O Comité das Rexións (CdR) é a asemblea consultiva comunitaria na que están representados os entes locais e rexionais da Unión Europea. Está composto por 344 membros, 21 dos cales son españois. En representación da Comunidade Autónoma de Galicia, o membro titular é o propio Presidente da Xunta de Galicia, mentres que o cargo de membro suplente recae no director xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

A pesar de ser un órgano consultivo, as institucións comunitarias encargadas de legislar deben consultar obrigatoriamente ao Comité en materias como a cohesión económica e social, o transporte, o emprego, a educación ou a cultura, aínda que tamén pode ser consultado sempre que se estime oportuno. Do mesmo xeito, o CdR elabora ditames por propia iniciativa, o que lle permite tratar calquera asunto que figure na axenda europea.

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, en permanente coordinación coa Xunta de Galicia, presta asistencia e apoio aos membros galegos do CdR na súa participación nos asuntos do Comité. Xunto co apoio logístico, a oficina fai un seguimento constante dos traballos do CdR e colabora na elaboración de emendas a ditames e informes debatidos, tanto nas reunións de comisións nas que participa Galicia como no pleno do Comité, cando se estima necesaria a inclusión e consideración dos intereses de Galicia.

Galicia forma parte de dúas das seis comisións sectoriais:

- Política de Cohesión Territorial (COTER), con competencias nos ámbitos da cohesión económica, social e territorial, os fondos estruturais, a cooperación territorial, os transportes e as súas redes transeuropeas.
- Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX), con competencias en materia de xustiza e asuntos de interior, liberdades e dereitos fundamentais, redución das cargas burocráticas, e cidadanía. O membro suplente galego exerce como portavoz do grupo do Partido Popular Europeo nesta comisión.



Sede do Comité das Rexións.
Fotografía: Comité das Rexións



Jesús Gamallo, co secretario de Estado para Asuntos Europeos da rexión alemana de Sajonia-Anhalt e ponente do ditame sobre o futuro do FEDER, Michael Schneider

Durante o 2012, Galicia liderou o ditame “Incremento do impacto da política de desenvolvemento da UE: Programa para o cambio”, que foi aprobado por unanimidade na sesión plenaria do mes de febreiro. Trátase do segundo ditame nesta materia que lidera Galicia, tralo adoptado no 2011 referido ao Libro Verde sobre o futuro da Política de Desenvolvemento da UE. Neste novo ditame solicítase á Comisión Europea a creación dunha liña financeira específica mediante a cal os entes locais e rexionais europeos poidan transferir os seus coñecementos naquelas parcelas nas que dispoñen dunha maior experiencia, como é o caso da pesca ou a acuicultura en Galicia.

Durante o pleno celebrado en xullo, o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, foi elixido vicepresidente do Comité das Rexións, no marco da renovación dos membros da Mesa, o órgano de goberno do CdR. O presidente da Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, Ramón Luís Valcárcel, foi nomeado novo presidente do CdR, en substitución de Mercedes Bresso, quen ostentaba este cargo dende o 2010. Feijóo ocupará o posto de vicepresidente durante algo máis dun ano, durante o que participará nas reunións da Mesa do CdR dende o que continuará defendendo os intereses de Galicia.

Os esforzos galegos no seo do CdR encamiñáronse no 2012 a defender a posición de Galicia en relación co novo período de financiamento comunitario. Concretamente na defensa da rede de seguridade para as rexións que, saen por primeira vez do obxectivo de converxencia, como a Comunidade Autónoma de Galicia, poidan a partir de 2014 recibir unha asignación financeira que represente dous terzos en comparación a asignación actual. Outros dos temas que centraron a atención da nosa comunidade foron a defensa da cooperación territorial como vía para fortalecer a cohesión territorial en Europa e a dimensión rexional no deseño da futura política europea de transportes.

En relación co futuro da política rexional, presentáronse varias emendas referidas ao ditame sobre o “Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)” e ao ditame sobre “a proposta de regulamento relativa ao marco estratéxico común dos fondos estruturais” onde se defendeu que se teñan en conta os criterios demográficos como o envellecemento da poboación ou a dispersión xeográfica, nos programas operativos do FEDER para o período 2014-2020 e á hora de conceder axudas aos Estados membros.

Durante o 2012 Galicia seguiu ostentando a vicepresidencia do Grupo Interrexional do CdR sobre o futuro do automóbil en Europa (GICA), que procura dar solucións ao impacto que a crise económica está a provocar nas rexións europeas onde este sector produtivo ten un peso importante, como no caso galego. No mes de xullo, o GICA elixiu como novo presidente ao membro titular da Junta de Castilla y León no CdR, o seu presidente Juan Vicente Herrera.

2.3. Participación de Galicia nos comités da Comisión Europea

As comunidades autónomas españolas, como parte da Delegación española, participan desde o ano 1999 nos denominados “comités da Comisión Europea” ou “comités de comitología”. Esta participación desenvolveuse xa durante os cuatrienios 1999-2002 e 2003-2006 e continuou ao longo de 2012, dentro do cuatrienio prorrogado 2007-2011. Estes comités son os que asisten á Comisión Europea nos traballos de regulamentación, control e execución da normativa europea.

Ao longo de 2012, Galicia participou, en representación do resto das CC. AA., en 19 comités da Comisión Europea. A FGE presta un apoio continuo ás consellerías para a súa participación activa neles, chegando mesmo a asistir

a estas reunións cando, por circunstancias excepcionais, as consellerías non poden asegurar a súa presenza. Así, a FGE asistiu en 2012 en dúas ocasións á reunión do comité de Xestión para a OCM Única.

2.4. Colaboración entre as oficinas rexionais españolas en Bruxelas

Os directores das oficinas rexionais españolas en Bruxelas asinaron en 2002, baixo a coordinación da Fundación Galicia Europa, un acordo de colaboración co obxectivo de estreitar as súas relacións, mellorar os seus sistemas de información e potenciar os seus recursos humanos. Desta forma, o grupo de Colaboración das Oficinas Rexionais Españolas (CORE) reforzou durante estes anos a interlocución destas oficinas coas institucións europeas e coa Representación Permanente de España ante a Unión Europea (REPER).

Os traballos desenvolvidos pola CORE durante 2012 estiveron coordinados no primeiro semestre pola oficina de Andalucía en Bruxelas e no segundo pola oficina da Comunidade de Madrid.

Coordinación entre directores

Os directores das oficinas rexionais continuaron cos seus encontros habituais para coordinar as súas actividades e debater temas de interese común como:

- Programar actividades anuais conxuntas no marco da CORE, así como poñer en funcionamento o acordo de colaboración entre as oficinas.

- Participar como membros da delegación española no Comité das Rexións.
- Coordinar as relacións coa REPER, especialmente a través da súa Consejería de Asuntos Autonómicos.
- Realizar un seguimento dos acordos da CARUE respecto á participación das comunidades autónomas no Consello de Ministros da Unión Europea e nas reunións dos comités da Comisión Europea ("comitología").

A comezos de ano, por iniciativa do director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, organizouse unha reunión na oficina da FGE en Bruxelas, que convocou a todos os directores das CC. AA., co obxectivo de mellorar a coordinación do traballo que desenvolven e evitar duplicidades.



Reunión de coordinación entre as oficinas de representación autonómica en Bruxelas

Ademais das reunións internas, os directores e técnicos das oficinas rexionais españolas celebran outras de carácter externo con altos cargos das institucións comunitarias, que permiten contar con información de primeira man sobre as novidades en relación co desenvolvemento das políticas europeas:

- **Rosa Estarás y María Irigoyen, da comisión de Desenvolvemento Rexional do Parlamento Europeo (25 de xaneiro).** As eurodeputadas españolas explicaron aos directores das oficinas das CC. AA. en Bruxelas as propostas sobre a Política de Cohesión a partir de 2014.
- **Salvador Garriga e Elder Gardiazábal, da comisión de Orzamentos do Parlamento Europeo (1 de febreiro).** Os directores das oficinas de representación autonómica en Bruxelas mantiveron un encontro con eurodeputados españois da comisión de Orzamentos, na que se abordou a proposta sobre o Marco Financeiro Plurianual que publicou a Comisión Europea en xuño de 2011.
- **Johannes Hahn, comisario de Política Rexional (25 de xuño).** O comisario Johannes Hahn explicou, nun encontro mantido con representantes das oficinas rexionais o curso das negociacións no Parlamento Europeo e no Consello sobre a futura política de cohesión para o período 2014-2020.
-
- **Joaquín Almunia, comisario de Competencia e vicepresidente da Comisión Europea (21 de novembro).** O vicepresidente da Comisión Europea reuniuse coas oficinas das CC. AA. para analizar o estado das negociacións do Marco Financeiro Plurianual, así como a proposta do novo marco regulador de axudas de Estado

con finalidade rexional. No encontro tamén se abordaron outras cuestións, como a aprobación do novo sistema de bonificacións fiscais para o sector naval español, ou *tax lease*, e os plans de recapitalización da banca nacionalizada.

- **Juana Lahousse-Juárez, directora xeral de Comunicación do Parlamento Europeo (28 de novembro).** Os directores das oficinas de representación autonómica en Bruxelas reuníronse coa directora xeral de Comunicación da Eurocámara nun encontro que tivo como tema central as próximas eleccións europeas, que se celebrarán en 2014. No encontro tamén se analizou a contribución das autoridades rexionais á hora de sensibilizar aos cidadáns sobre a importancia da participación nestes comicios.

Grupos de Coordinación Técnicos

No marco dos obxectivos previstos mediante o acordo de colaboración entre as oficinas rexionais españolas, os Grupos de Coordinación Técnicos (GCT) teñen como principal misión o seguimento e a análise continuada das políticas públicas comunitarias, dende o inicio do seu proceso de concepción por parte da Comisión ata a súa adopción polo Consello e, de ser o caso, polo Parlamento Europeo. Con este propósito, establecen contactos coas persoas axeitadas para o seguimento destes procesos, ás que se invita a participar nas súas reunións.

Tendo en conta as áreas de interese das comunidades autónomas, durante o ano 2012 funcionaron once GCT, para cada un dos cales está designada unha oficina coordinadora.

2.5. Accións desenvolvidas no ámbito das políticas comunitarias con maior impacto en Galicia

No ámbito das políticas comunitarias, a Fundación Galicia Europa realiza un labor de representación, promoción e defensa dos intereses galegos na capital europea ante as institucións e outros organismos da UE. A continuación recóllense exemplos de accións desenvolvidas ao longo de 2012 respecto a algunhas políticas comunitarias con impacto en Galicia.

POLÍTICA REXIONAL E DE COHESIÓN

No próximo período financeiro, Galicia perderá a súa condición de Obxectivo Converxencia, ao superar o 75% da renda media comunitaria, o que implicará unha forte redución dos fondos estruturais recibidos a partir de 2014. Xa no ano 2009, a Fundación Galicia Europa ideou e lanzou a iniciativa CROWC (*Convergence Regions on the Way to Cohesion*), congregando a outras rexións nesta mesma situación para reivindicar a necesidade dunha axuda transitoria para todas elas.

Durante máis de tres anos, esta reivindicación levouse a multitude de foros, formais e informais, para concienciar sobre esta necesidade na fase previa á elaboración dunha proposta legislativa por parte da Comisión Europea. Finalmente, a Comisión publicou as súas propostas normativas nos meses de xuño e outubro de 2011, recollendo a reivindicación de CROWC.

Ao longo de 2012, as negociacións sobre o Marco Financeiro Plurianual, onde se decide o límite máximo de gasto da UE para o período 2014-2020 e a súa distribución entre as grandes partidas orzamentarias (cohesión, agricultura, competitividade...), e sobre os regulamentos de Política Rexional estiveron a debate no seo do Consello e do Parlamento Europeo.

O labor de estreito seguimento da reforma da política de cohesión e a reivindicación da “rede de seguridade” supuxo, sen dúbida, un dos eixes principais do traballo da Fundación Galicia Europa no ano 2012. Dende principios de ano, a FGE intensificou os seus contactos coa Comisión Europea, con outras comunidades autónomas, coa Representación Permanente de España ante a UE e co resto de rexións que conforman a rede CROWC e solicitou os apoios dos principais actores europeos para ver recoñecida a reivindicación de manter un volume importante de axudas máis alá de 2014. Destácanse, a continuación, os feitos máis importantes:

- O 27 de xaneiro, o **presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo**, transmite ao ministro de Facenda e Administracións Públicas unha carta onde se lle informa das actuacións desenvolvidas por Galicia en favor dunha axuda transitoria, da resposta da Comisión Europea a estas actuacións e da necesidade de articular unha posición común a nivel estatal co obxecto de poder defender e garantir esta axuda no marco das próximas negociacións no Consello da UE e no Parlamento Europeo.
- O 1 de febreiro reúnen os directores das oficinas de CC. AA. en Bruxelas cos **eurodeputados españois membros da Comisión de Orzamentos do Parlamento Europeo**: con Salvador Garriga (PPE, ES) e Eider Gardiazábal (S&D, ES). A directora da Fundación Galicia Europa en Bruxelas transmítelles a postura galega.
- O 5 de marzo son aprobados en comisión os ditames sobre os regulamentos dos fondos do Comité das Rexións, coas contribucións galegas.

- O 16 de marzo, reúnense o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, **o secretario de Estado para a Unión Europea, Íñigo Méndez de Vigo, e a secretaria de Estado de Orzamentos, Marta Fernández Currás**, aos que se lle traslada o compromiso coa defensa da rede de seguridade para as rexións que deixan de ser Obxectivo Convergencia.
- O 3-4 de maio, apróbanse no **pleno do Comité das Rexións** ditames sobre os regulamentos dos fondos comunitarios. Galicia colaborou activamente na

elaboración destes ditames de maneira que estes apoian a rede de seguridade para as rexións “ex-convergencia”. Ademais, traballouse especialmente no ditame sobre o futuro do FEDER, liderado polo secretario de Estado de Asuntos Europeos da rexión alemá de Sajonia-Anhalt, Michael Schneider, un dos nosos principais “aliados” na defensa da rede de seguridade. No ditame reclámase, ademais, que se teña máis en conta o reto que supón o cambio demográfico en tanto que “*desvantaxe grave e duradeira*”.



Pleno do CdR no que se aprobou o ditame sobre o futuro do FEDER

- O 4 de outubro o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, reúne-se coa **presidenta da comisión de Desenvolvemento Rexional, Danuta Hübner**, quen lle confirma a posición do Parlamento Europeo respecto da rede de seguridade e aseguralle, en tanto que experta en política rexional (foi Comisaria desa carteira no anterior mandato da Comisión), que non dubida de que esta rede saia adiante
- O 22 e 23 de novembro, a FGE realiza un exhaustivo seguimento do **Consello Europeo** dedicado a debater o Marco Financeiro Plurianual. O director da FGE, Jesús Gamallo, reúne-se coa conselleira de Facenda da REPER por este motivo. Finalmente, os xefes de Estado e de Goberno da UE non chegaron a un acordo, pospoñéndoo ata principios do ano seguinte.



Jesús Gamallo coa presidenta da comisión de Desenvolvemento Rexional do Parlamento Europeo, Danuta Hübner

POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN

Ao longo do ano 2012, a Xunta de Galicia traballou intensamente na defensa da posición galega no marco da reforma da Política Pesqueira Común (PPC). Nun ano no que avanzaron substancialmente as negociacións da reforma da PPC, Galicia desempeñou un papel moi importante ao liderar a representación de todas as CC. AA. no Consello da UE en materia pesqueira durante todo 2012 (o primeiro semestre, por delegación da Rexión de Murcia e o segundo por delegación da Comunidade Foral de Navarra).

En total, Galicia participou en seis reunións do Consello de Ministros de Agricultura e Pesca, para o cal acudiu a máis de trinta reunións técnicas, producindo informes que circularon entre os respectivos departamentos das CC. AA. Nun ámbito onde as sensibilidades e intereses son moi diferentes, logrónse consensuar posicións comúns de todas as CC. AA., de forma que a influencia autonómica na posición española foi considerable.

No mes de abril, a conselleira do Medio Rural e do Mar, Rosa Quintana, representou as Comunidades Autónomas españolas no Consello de Ministros de Agricultura e Pesca da Unión Europea, celebrado en Luxemburgo. En maio, a conselleira Quintana participou no Consello de Ministros de Agricultura e Pesca da Unión Europea que se celebrou en Bruxelas. No Consello de Agricultura tratouse o concepto de *greening* ou ecoloxización, no marco do debate sobre a reforma da Política Agrícola Común (PAC), mentres que en materia pesqueira se debateu sobre o Rendemento Máximo Sostible (RMS) e o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

No mes de xuño, o Consello de Ministros de Agricultura e Pesca volveuse reunir, coa participación da conselleira, para alcanzar un acordo sobre a flexibilización na consecución do Rendemento Máximo Sostible, unha das principais demandas da Xunta de Galicia, así como para acordar a eliminación progresiva e gradual dos descartes.



A conselleira do Medio Rural e do Mar, Rosa Quintana, nunha reunión dentro da celebración da "European Seafood Exhibition 2012"

En outubro, a conselleira en funcións representou ás CC. AA. españolas no Consello de Pesca celebrado en Luxemburgo, no que se adoptaron as propostas que defendía Galicia para o Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro (FEMP). Así, tomouse a decisión de manter nesta ferramenta financeira as axudas á paralización definitiva da frota, orientadas ao axuste da capacidade pesqueira, e á paralización temporal, destinadas ao axuste do esforzo pesqueiro.

No mes de novembro, o secretario xeral do Mar, Juan Maneiro, asistiu en representación das comunidades autónomas españolas ao Consello de Ministros de Pesca celebrado en Bruxelas, no que se alcanzou un acordo político sobre as posibilidades de pesca de determinadas poboacións de augas profundas para 2013 e 2014. No debate destacaron as posicións opostas de dous bloques de Estados membros: aqueles que rexeitaban as reducións das cotas para especies das que non se conta con datos científicos -entre os que se atopa España-, e aqueles aliñados coa Comisión na idea de que se necesita unha cota que vele pola conservación destas especies de crecemento lento. Ademais, os ministros foron informados sobre o estado das negociacións do acordo de pesca da UE con Mauritania.

Ademais, Galicia participou na XX edición da "European Seafood Exhibition 2012", que se celebrou en Bruxelas do 24 ao 26 de abril. A conselleira do Medio Rural e do Mar acudiu á capital comunitaria para apoiar ás 60 empresas galegas presentes na feira, 33 das cales se situaron no expositor da Xunta. O evento serviu para promover os produtos frescos e transformados do sector pesqueiro galego e potenciar a imaxe internacional do sector marítimo da comunidade. A

FGE estivo presente na feira prestando apoio aos empresarios galegos e á delegación da Xunta de Galicia.

POLÍTICA AGRÍCOLA COMÚN

O labor de defensa da posición galega no marco da reforma da Política Agrícola Común intensificouse en 2012 tras a presentación das propostas da Comisión Europea para a reforma desta política, que deberá entrar en vigor en 2014, abrindo un debate europeo de enorme transcendencia para Galicia. Durante o próximo ano e os subseguintes perfilaranse conceptos tan importantes polas súas consecuencias económicas para Galicia como a definición de agricultor activo ou a de pequena explotación. Así mesmo, adoptarase a normativa sobre contratos no sector lácteo, os cales xerarán certeza económica e seguridade xurídica para un sector xa de por si castigado pola finalización da cota láctea en 2015.

Por outro lado, a partir de 2014 farase unha nova repartición dos fondos entre os Estados membros e as rexións, a cal, tendo en conta as restricións orzamentarias da UE, supón un reto engadido para Galicia.

COMPETITIVIDADE

A FGE prestou apoio a diferentes sectores produtivos galegos na defensa dos seus intereses ante as institucións comunitarias:

Sector do automóbil. En 2009 a Fundación Galicia Europa impulsou a activa participación de Galicia no grupo interrexional creado no seo do Comité das Rexións sobre a crise no sector do automóbil. Durante estes case tres anos, diferentes representantes galegos da Administración Pública e do sector asistiron ás reunións organizadas por este grupo, do que é vicepresidente o presidente da Xunta de Galicia.

Froito destas actividades, as rexións europeas presentes neste grupo viron aumentada a súa interlocución cos máximos responsables na materia da Comisión Europea e do Parlamento Europeo. A través das reunións organizadas en Bruxelas, mellorouse o coñecemento das necesidades do sector no futuro orzamento comunitario e nos actuais traballos do grupo de alto nivel que reúne á Comisión Europea e á industria automobilística, coñecido como CARS 21. Grazas ao impulso dado polo grupo interrexional, creouse ademais un grupo de traballo dentro de CARS 21 que se ocupa das implicacións territoriais da crise do sector.

Galicia continuou participando activamente no Grupo Interrexional sobre o futuro do sector do Automóbil en Europa do Comité das Rexións, no que ostenta a vicepresidencia. A actividade deste grupo, formado por máis de 40 membros de 32 rexións europeas, organízase nun nivel técnico e nun nivel político. A FGE asegura a participación nas reunións preparatorias en Bruxelas, nas que se presentan e debaten as iniciativas de traballo e orientanse os temas que tratarán os

representantes políticos nos seus encontros. En 2012, celebráronse catro reunións a nivel técnico e dous a nivel político, unha en xaneiro e outra en decembro. Na reunión de xaneiro expuxéronse as estratexias rexionais europeas en materia de electromobilidade, mentres que na reunión de decembro se abordou o contido das propostas legislativas relativas á Política Rexional para o período 2014-2020 e a súa incidencia no sector do automóbil.



Reunión do Grupo Interrexional do Automóbil no Comité das Rexións

Sector naval. No contexto da competencia crecente que está a experimentar este sector debido aos novos países emerxentes, a Fundación Galicia Europa, xunto con outras oficinas rexionais en Bruxelas, está a traballar na elaboración dunha postura común ante as institucións comunitarias. O obxectivo desta iniciativa é captar a atención da Comisión Europea e demais institucións comunitarias para que elaboren unha política europea sólida e de futuro a favor da industria naval.

A día de hoxe, a Comisión Europea parte da base de que existe unha sobrecapacidade neste sector en Europa e que, por iso, esta capacidade deberá reducirse. Galicia e as rexións participantes na rede consideran que é preciso convencer ás institucións comunitarias de que este sector pode ter futuro se se traballa na diversificación e se inclúe no marco das directrices políticas e financeiras da UE para os próximos anos dentro da Estratexia Europa 2020.

Esta incipiente rede rexional denominada “Iniciativa Europea de Rexións do Naval” elaborou xa un memorando de defensa do sector e celebrou dous encontros de alto nivel con representantes das rexións e das institucións europeas: o primeiro no Parlamento Europeo e o segundo na oficina da FGE en Bruxelas.

A FGE pretende contribuír con esta iniciativa á defensa dos 14.000 empregos que dependen deste sector en Galicia.



Reunión da Iniciativa Europea de Rexións do Naval, celebrada na oficina da FGE en Bruxelas

Para facer fronte ao actual contexto de crise que vive este sector e defender a súa viabilidade ante as institucións comunitarias, unha serie de rexións europeas nas que este sector é estratéxico, mobilizáronse en Bruxelas para elaborar un plan de acción común. Así, a finais de 2011 creouse a rede *Maritime Industries for Blue Growth*, co fin de defender unha política europea de futuro para o sector naval, que aposte pola súa diversificación e diferenciación, e reclamar que este sector se teña en conta nas directrices políticas e financeiras da Estratexia Europa 2020.

Ao longo do ano 2012, a Fundación Galicia Europa mantivo encontros regulares con membros da rede, co obxectivo de intercambiar boas prácticas, explorar a posibilidade de lanzar iniciativas conxuntas e trasladar as súas preocupacións e demandas ás institucións europeas. Ademais, asegurou a presenza de representantes da Xunta de Galicia e outros actores, como o clúster galego do naval, en reunións organizadas por esta rede.

ESTRATEGIA ATLÁNTICA

No ano 2012, Galicia e a Fundación Galicia Europa estreitaron os seus vínculos de cooperación territorial coas rexións atlánticas pertencentes á rede interrexional que constitúe a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas de Europa (CRPM). Deste modo, a FGE e a Xunta de Galicia participaron, ao longo do ano, en numerosas reunións e grupos de traballo en dúas formacións da CRPM que resultan de especial importancia para os intereses galegos: o grupo de Pesca e o grupo de traballo Estratexia Atlántica.

No mes de marzo, a oficina de Bruxelas da FGE acolleu a celebración dun encontro do grupo de Pesca, do que Galicia é coordinadora, polo que presentou o programa de traballo previsto para 2012, centrado no seguimento da reforma da Política Pesqueira Común (PPC) en torno a tres eixos principais: os descartes, os aspectos socioeconómicos da pesca -a seguridade dos pescadores, condicións de vida a bordo- e a certificación europea dos produtos do mar.

Noutras reunións da formación Estratexia Atlántica, debateuse arredor de temas como a comunicación da Comisión Europea para fomentar unha estratexia marítima para a zona atlántica, aprobada en novembro de 2011, dos encontros do Foro Atlántico que tiveron lugar nas Azores e en Brest, así como da posibilidade de organizar un evento sobre turismo náutico atlántico, en liña co establecemento do grupo de Turismo e Cultura.

2.6. Organización de encontros en Bruxelas entre representantes galegos e responsables das políticas comunitarias con impacto en Galicia

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas desempeña un papel destacado á hora de organizar visitas á capital europea, tanto de responsables políticos coma de técnicos do sector público e privado galego.

As tarefas que desenvolve a FGE son, de forma xenérica, as seguintes:

- Definición, de acordo cos interesados, dos interlocutores máis apropiados no seo das institucións europeas (principalmente da Comisión Europea e do Parlamento Europeo), da Representación Permanente de España ante a Unión Europea (REPER) e doutros organismos ou asociacións establecidos en Bruxelas.
- Contacto cos interlocutores e elaboración da axenda das visitas.
- Asesoramento técnico relacionado coas políticas europeas nas que se centrará a visita.
- Acompañamento durante as entrevistas, prestando apoio técnico e loxístico.
- No caso de visitas de grupos, organización de charlas nas institucións europeas e na propia FGE sobre temas comunitarios.

A continuación destácanse as visitas de responsables políticos e técnicos a Bruxelas durante o ano 2012. A FGE resultou determinante na organización das axendas e no bo desenvolvemento dos encontros mantidos polos responsables galegos:

- **O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, Jesús Gamallo Aller**, membro suplente do Comité das Rexións (CdR), trasladouse a Bruxelas en máis de vinte ocasións ao longo de 2012 para representar á nosa comunidade nas sesións plenarias do CdR, así como nas reunións das dúas comisións de traballo e os intergrupos nas que Galicia participa (ver punto 2.2). Igualmente, desprazouse con motivo da defensa da axuda transitoria en Bruxelas: o 4 de outubro para entrevistarse coa presidenta da comisión de Desenvolvemento Rexional do Parlamento Europeo, Danuta Hübner, e o 22 e 23 de novembro coa conselleira de Facenda da REPER con motivo do Consello Europeo no que se debateu o Marco Financeiro Plurianual 2014-2020 (ver punto 2.5)



Jesús Gamallo, durante unha reunión da comisión CIVEX do Comité das Rexións

- **A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo**, visitou Bruxelas o 21 de marzo para asistir a unha reunión do Comité Permanente da Conferencia de Asembleas Legislativas e Rexionais de Europa (CALRE), onde presentou un informe do grupo de traballo sobre modelos institucionais rexionais, coordinado pola Cámara galega. Durante a súa visita na capital comunitaria, Pilar Rojo entrevistouse con eurodeputados e mantivo un encontro co presidente do Parlamento Europeo, Martin Schulz. A presidenta do Parlamento galego estivo acompañada durante a súa estanza pola directora da oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, Ana Ramos, e polo eurodeputado galego Francisco Millán Mon.



A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, durante a súa visita a Bruxelas

- **A conselleira do Medio Rural e do Mar, Rosa Quintana**, participou ao longo do ano 2012 nos Consellos de Ministros de Agricultura e Pesca da Unión Europea, celebrados en Bruxelas e Luxemburgo, despois de que a Rexión de Murcia lle cedese a Galicia a representación no ámbito

pesqueiro. As reunións do Consello de Ministros situáronse dentro do debate sobre a reforma da Política Pesqueira Común, e trataron aspectos como a rexionalización ou os dereitos de pesca transferibles. Ademais, mantivo varios encontros con altos cargos das institucións comunitarias e participou en varios seminarios. Na reunión do Consello de Ministros do 29 de novembro, asistiu en representación das CC. AA. o secretario xeral do Mar, Juan Maneiro.

- **O conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra**, reuniuse en Bruxelas o 5 de xuño coa directora de Mercado e Servizos Financeiros da Dirección Xeral de Competencia da Comisión Europea, Irmfried Schwimann, nunha visita organizada pola Fundación Galicia Europa. O conselleiro, acompañado pola directora xeral de Comercio, Nava Castro, defendeu ante a representante da Comisión a vía da arbitrase como a mellor solución para os consumidores afectados polas participacións preferentes. Durante a súa visita a Bruxelas, Guerra tamén mantivo diversos encontros con membros do Parlamento Europeo e da Representación Permanente de España ante a Unión Europea.
- **A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera**, participou o 6 de novembro en Bruxelas na primeira reunión de socios da Asociación Europea para a Innovación no ámbito do Envellecemento Activo (EIP-AHA), que ten como obxectivo reunir a axentes do sector público e privado de toda a UE para promover o desenvolvemento de produtos e servizos innovadores que axuden ás persoas maiores a manterse en boa saúde, activas e

independentes durante máis tempo. No encontro, Mosquera presentou a candidatura de Galicia como referencia europea no ámbito do envellecemento activo, coa colaboración da Fundación Galicia Europa.

- **O alcalde de A Coruña, Carlos Negreira**, desprazouse ata Bruxelas o 27 de xuño para participar no seminario "A xestión dos concellos en tempos de crise: posibilidades de financiamento a nivel europeo". Con motivo da visita do alcalde, a Fundación Galicia Europa preparou unha axenda de encontros bilaterais con representantes das institucións europeas, entre os que destaca a entrevista mantida co director xeral de Enerxía da Comisión Europea, Philip Lowe, para rubricar a adhesión da cidade ao Pacto dos Alcaldes. Ademais, Negreira reuniuse coa vicepresidenta do CdR, Mercedes Bresso, e varios membros do Parlamento Europeo.



O alcalde de A Coruña, Carlos Negreira, durante a súa visita a Bruxelas

- **O alcalde de Vila de Cruces** visitou o 5 de marzo a capital comunitaria, convidado polo Parlamento Europeo e o eurodeputado galego Francisco Millán Mon, para coñecer as institucións comunitarias de primeira man. Recibido na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, o alcalde mantivo, ademais, unha reunión na Comisión Europea para estudar a posibilidade de obter unha certificación europea para o galo de curral criado na bisbarra.



O alcalde de Vila de Cruces, coa directora da oficina da FGE en Bruxelas, Ana Ramos

- **O secretario xeral técnico da consellería de Economía e Industria, Borja Vereá**, participou ao longo do ano en diferentes encontros da rede de rexións "Maritime Industries for Blue Growth" e outros eventos celebrados en Bruxelas e relacionados coa viabilidade e competitividade do sector naval. Nalgún destes encontros, asistidos polo equipo da Fundación Galicia Europa, foi acompañado polo xerente do clúster galego do naval (ACLUNAGA) Tomás Casquero.
- **Unha delegación do Eixo Atlántico** visitou Bruxelas o 3 de outubro, onde contou coa asistencia e o apoio da Fundación Galicia Europa.

A visita tivo como obxectivo manter un encontro co coordinador europeo da Rede Transeuropea de Transportes, no que se abordaron cuestións relativas á modernización da liña férrea do Miño e as saídas de mercadorías por ferrocarril de Galicia e do Norte de Portugal.

2.7. Organización de seminarios e conferencias en Bruxelas

A Fundación Galicia Europa organizou e acolleu durante 2012 diversos debates e seminarios para tratar temas de actualidade comunitaria de especial relevancia para Galicia, en consonancia co seu obxectivo de defender os intereses galegos ante a UE. As instalacións da oficina en Bruxelas facilitaron a celebración de actos que reuniron a representantes da sociedade galega, das institucións comunitarias e doutras oficinas de representación rexional.

SEMANA EUROPEA DAS REXIÓNS E AS CIDADES - OPEN DAYS 2012

Galicia participou na décima edición da Semana Europea das Rexións e das Cidades (Open Days 2012), que se celebrou en Bruxelas entre os días 9 e 11 de outubro, unha semana dedicada ás rexións e cidades de Europa co obxectivo de debater e intercambiar boas prácticas en materia de política de cohesión europea. Baixo o lema "Rexións e cidades de Europa: marcando a diferenza", o programa dos Open Days 2012 incluíu máis dun centenar de seminarios e talleres especializados que reuniron preto de 6.000 persoas de toda Europa, entre as que se inclúen responsables políticos a nivel local, rexional, nacional e europeo. Galicia tivo unha

participación destacada neste evento ao acoller e organizar dous encontros na oficina da FGE.

- **“Da Eurorrexión á AECT: Un longo camiño na cooperación territorial”.** A FGE acolleu o 9 de outubro este seminario, que reuniu representantes de Galicia e do Norte de Portugal, así como doutras rexións europeas, para reflexionar sobre os diferentes graos de cooperación territorial, tomando como exemplo a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal (GNP-AECT). O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE destacou no acto os beneficios da cooperación territorial como unha ferramenta esencial para mellorar a cohesión e impulsar o crecemento, poñendo como exemplo a estratexia de cooperación das rexións do sudoeste europeo (RESOE), como a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, unha das alianzas transfronteirizas máis frutíferas de Europa.



Jesús Gamallo, durante a celebración dun seminario na oficina da FGE, con motivo dos Open Days 2012

- **“¿Cal será o papel das macrorrexións no próximo marco financeiro?”.** A FGE organizou o día 10 de outubro este seminario, que serviu para analizar as oportunidades, desafíos e límites do futuro marco de colaboración interrexional no horizonte que se abre a partir de 2014. No encontro participaron representantes da Dirección Xeral de Política Rexional e das macro-estratexias que se desenvolven no Báltico, o Danubio e o Atlántico. A estratexia de cooperación das rexións do sudoeste europeo (RESOE), impulsada por Galicia, Norte de Portugal e Castela e León, foi presentada como un exemplo de cooperación dentro da incipiente actuación macrorrexional do Atlántico.



Celebración do seminario sobre o papel das macrorrexións no próximo marco financeiro

Durante a celebración dos Open Days, a FGE albergou unha exposición sobre o programa europeo de cooperación territorial Espazo Atlántico, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para o período de 2007-2013.

No ano 2012, foron programados no marco dos Open Days ao redor de 350 eventos locais en toda Europa baixo o lema "Europa na miña rexión/cidade". Así, a Comunidade galega acolleu en xullo a segunda edición dos Open Days da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que se celebrou en Santiago de Compostela e en Guimarães e que contou co apoio da oficina da FGE en Santiago de Compostela. As eurociudades Tui-Valença e Chaves-Verín foron tamén sede de eventos locais relacionados co deporte, a gastronomía e a seguridade viaria organizados con motivo da Semana Europea das Rexións e das Cidades - Open Days 2012.

SEMINARIOS E CONFERENCIAS ORGANIZADOS POLA FGE

- **Seminario "A xestión dos concellos en tempos de crise: posibilidades de financiamento a nivel europeo"**. A Fundación Galicia Europa acolleu o 27 de xuño na súa oficina de Bruxelas o seminario sobre financiamento europeo a entidades locais, organizado pola Xunta de Galicia e a Fundación Finnovaregio. O seminario, que reuniu representantes das institucións europeas e expertos no desenvolvemento de proxectos europeos innovadores, tivo como obxectivo difundir e promover a posta en marcha de boas prácticas no ámbito da xestión municipal e o financiamento con fondos europeos.



Participantes no seminario sobre a xestión dos concellos en tempo de crise, celebrado na oficina de Bruxelas da FGE

- **Reunión de representantes das oficinas das CC. AA. en Bruxelas sobre eficiencia enerxética.** A FGE acolleu o 8 de maio na súa oficina de Bruxelas unha reunión de representantes das oficinas das CC. AA. co director de comunicación da Semana Europea da Enerxía Sostible 2012 (EU Sustainable Energy Week). Este evento, que se celebrou entre o 15 e o 22 de xuño, tivo como obxectivo promover a eficiencia enerxética e as enerxías renovables. Durante a reunión explicáronse os pasos para participar no evento a través da organización dun Energy Day ou actividade sen ánimo de lucro, dirixida a promover a eficiencia enerxética.

SEMINARIOS E CONFERENCIAS NAS QUE COLABOROU A FGE

- **Participación de Galicia no seminario “O futuro da pesca europea”.** Representantes da consellería de Medio Rural e do Mar participaron o 1 de febreiro nun encontro celebrado no Parlamento Europeo e organizado pola Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas e o proxecto europeo Maremed. O evento reuniu a eurodeputados e representantes da Comisión Europea, ás rexións e á industria pesqueira para debater sobre a reforma da Política Pesqueira Común a partir do ano 2012.
- **Reunión da delegación española do Grupo de Expertos en Mobilidade das coleccións artísticas.** A oficina da FGE acolleu o 15 de marzo unha reunión informal previa ao encontro do grupo de expertos a nivel europeo, no que participa unha representante da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O grupo foi creado a instancia do Consello da UE, no marco da Axenda Europea da Cultura

2007-2013, e está xestionado pola Comisión Europea. Ten por obxectivo o estudo de diferentes vías para simplificar o proceso de préstamo de obras de arte dentro da UE.

- **Reunión cos promotores dun proxecto europeo de investigación.** A Fundación Galicia Europa foi convidada a participar o 15 de marzo nunha reunión cos promotores do proxecto europeo Nanomar de investigación en nanomedicina e que conta con participación galega. Este proxecto desenvolve un programa de doutorado europeo en nanomedicina e innovación farmacéutica. Liderado pola universidade de Nantes-Angers (Francia), conta coa participación das universidades de Lovaina, Lieja, Nottingham e Santiago de Compostela, que achega a experiencia en investigación do grupo Nanobiofar.
- **Reunión do Grupo de Pesca da Comisión Arco Atlántico.** A oficina da Fundación Galicia Europa acolleu o 28 de marzo a celebración da reunión do Grupo de Pesca, un dos catro grupos de traballo que compoñen a comisión do Arco Atlántico, dentro da rede interrexional Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM). Como coordinadora do grupo, Galicia presentou o programa de traballo previsto para 2012, centrado no seguimento da reforma da Política Pesqueira Común e en torno a tres eixes principais: os descartes, os aspectos socioeconómicos como a seguridade e o benestar dos pescadores e a certificación europea dos produtos do mar.
- **Reunión de coordinadores da asociación de rexións con poder lexislativo.** A FGE participou o 25 de abril na reunión de coordinadores da asociación (REGLEG). Esta organización

informal ten como principal obxectivo aumentar o recoñecemento político e xurídico das rexións con competencias lexislativas da UE, tendo en conta a súa importancia na transposición do dereito comunitario. No encontro presentouse o texto provisional da Declaración de Innsbruck e debateuse sobre temas de interese como o impacto do Marco Estratéxico Común ou a reforma das directrices das axudas de Estado con finalidade rexional.

- **Participación no VII Diálogo Territorial para un Crecemento Sostible, Intelixente e Integrador.** O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE participou o 13 de xuño no seminario organizado polo CdR, no que se abordou a perspectiva local e rexional na recuperación económica da UE, con especial atención á creación de emprego. No encontro participaron representantes da Comisión Europea, a patronal e os sindicatos a nivel europeo, así como varios membros do Comité das Rexións.
- **Reunión da Rede Europea para a Promoción da Diversidade Lingüística (NPLD).** A Fundación Galicia Europa acolleu nas súas instalacións durante os días 18 e 19 de xuño unha reunión do comité executivo da NPLD, rede da que forma parte a Xunta de Galicia. No encontro abordouse como elevar o perfil europeo das linguas constitucionais e rexionais de Europa como o galego, o catalán, o vasco, o galés ou o frisón, e analizouse o uso destas linguas nos medios de comunicación social. A Xunta de Galicia é membro fundador de pleno dereito da NPLD dende a súa constitución o 11 de xuño de 2008. A rede integra un total de 28 entidades que promoven a diversidade lingüística no ámbito europeo.
- **Presentación do proxecto europeo con participación galega “Voix de traverse. L’autre et le même”.** A petición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a FGE asistiu o 21 de xuño á inauguración deste proxecto, no que participa a Fundación Illa de San Simón. Financiado polo programa Cultura 2007-2013 e liderado pola Casa do Conto de Bruxelas, o proxecto pretende favorecer o descubrimento dos saberes de tradición oral e a riqueza patrimonial do relato e o canto tradicionais.
- **Participación no seminario “Estratexia Atlántica”, organizado polo Eixo Atlántico.** A directora da oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas participou o 2 de outubro neste seminario, no que se analizaron as accións que se deberán desenvolver para que esta estratexia macrorrexional impulsada pola Comisión e outros acontecementos relevantes -como a ampliación da canle de Panamá- repercutan no desenvolvemento da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, a través das cidades marítimas do eixe atlántico. Ademais, presentouse o proxecto Climatatlantic, centrado na redución da pegada de carbono no espazo atlántico.
- **Participación galega nun curso sobre o papel dos gobernos rexionais na toma de decisións da UE.** A directora da oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas participou o 17 de outubro no seminario “Os gobernos e os parlamentos rexionais no proceso de toma de decisións da Unión Europea”, organizado pola rexión italiana de Emilia-Romagna, no que explicou o papel da FGE como defensora dos intereses de Galicia ante a UE, así como as relacións de colaboración que manteñen as oficinas das CC. AA. en Bruxelas.

- **Participación nun seminario sobre a dimensión urbana da política de cohesión.** O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, participou o 9 de novembro en Sofía (Bulgaria) no seminario “A dimensión urbana da política de cohesión: as grandes cidades como xeradoras de crecemento, desenvolvemento económico e competitividade”, organizado polo Comité das Rexións. No encontro destacou a importancia das cidades na consecución dos ambiciosos obxectivos da Estratexia Europa 2020, como responsables da elaboración de estratexias e da xestión directa de grandes retos sociais.

2.8. Actividades de promoción de Galicia en Bruxelas

Durante o ano 2012, diversos actos foron impulsados ou acollidos na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas para a difusión de Galicia dende un punto de vista cultural, turístico ou económico-comercial.

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA FGE

- **Exposición sobre a vida e obra de Valentín Paz Andrade (mes de maio).** A oficina de Bruxelas da FGE acolleu durante o mes de maio unha exposición adicada ao escritor Valentín Paz Andrade, homenaxeado no Día das Letras Galegas 2012. Deseñada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a exposición permitiu afondar no coñecemento dun dos intelectuais galeguistas máis importantes do século XX, a través de dez paneis

con fotografías e textos explicativos sobre a vida e obra do escritor. A Fundación Galicia Europa contribuíu con esta mostra a divulgar a cultura e identidade galegas en Bruxelas, un dos compromisos adquiridos dende a súa creación.

- **Presentación de viños da Denominación de Orixe Valdeorras (27 de novembro).** A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas acolleu unha presentación de viños da D.O Valdeorras, que tivo como obxectivo dar a coñecer a excelencia destes caldos entre o persoal das institucións comunitarias, das oficinas rexionais e entre o público en xeral, contribuíndo así á internacionalización e difusión dos produtos agroalimentarios de Galicia. O acto contou coa participación de máis de cen persoas, o que puxo de manifesto o crecente interese do público internacional polos viños galegos. Ademais desta presentación, o Consello Regulador da D.O. Valdeorras ofreceu unha cata dirixida ao sector profesional -importadores e distribuidores de viño, restauradores e sumilleres-, co propósito de introducir os seus viños no mercado belga.



Presentación dos viños da Denominación de Orixe Valdeorras

ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPOU A FGE

- **Feira “European Seafood Exposition 2012” (24-26 de abril).** Galicia participou na XX edición da Feira Europea de Mariscos. A conselleira do Medio Rural e do Mar acudiu á capital comunitaria para apoiar as sesenta empresas galegas presentes na feira, das cales trinta e tres se situaron no expositor da Xunta de Galicia. O evento serviu para promover os produtos frescos e transformados do sector pesqueiro galego e potenciar a imaxe internacional do sector marítimo da comunidade. A FGE estivo presente na feira apoiando aos empresarios galegos e á delegación da Xunta de Galicia.

- **Xornada de Portas Abertas das institucións da Unión Europea (12 de maio).** Galicia, a través da Fundación Galicia Europa, participou na XX edición dos chamados Open Doors das institucións europeas, que se celebraron en Bruxelas para conmemorar o Día de Europa. A comunidade galega estivo presente nun expositor situado no Comité das Rexións, onde se desenvolveron diversas actividades ao longo da xornada. Cada 9 de maio celébrase en toda a UE o Día de Europa, que conmemora o aniversario da declaración do ministro francés Robert Schuman en 1950, considerada a primeira proposta formal que deu orixe á creación da Unión Europea. Con motivo desta festividade, a xornada organizada en Bruxelas permite aos cidadáns visitar os edificios das institucións comunitarias e coñecer a súa actividade.



A conselleira do Medio Rural e do Mar, na feira “European Seafood Exposition 2012”



O persoal da FGE durante a celebración da xornada de Portas Abertas Open Doors 2013

- **III Xornada Europea de Uccle (29 de setembro).** Galicia estivo presente por terceiro ano consecutivo na degustación europea organizada pola Asociación de Empresarios do municipio bruxelés de Uccle. A FGE participou cun expositor no que se ofreceu aos asistentes información sobre a rexión. Nesta feira tamén participaron representacións de Grecia, Eslovenia, Letonia, Malta, Romanía ou Italia.



Participación da FGE na III Xornada Europea de Uccle

03

Fomento da participación galega en proxectos europeos

Durante o ano 2012, a Fundación Galicia Europa prestou o seu apoio ao lanzamento, execución e difusión de resultados de diferentes proxectos de dimensión europea participados por entidades galegas. Tamén colaborou directa ou indirectamente nalgúns proxectos que contribúen a difundir os valores europeos en Galicia.

3.1. Asesoramento da FGE a entidades galegas

POSIBILIDADES DE FINANCIAMENTO

Diferentes organizacións galegas dirixíronse á Fundación Galicia Europa para informarse sobre as posibilidades de financiamento a nivel comunitario e sobre o modo de participar nos diferentes programas europeos. A continuación menciónanse algunhas destas consultas especificando o apoio prestado:

- Resposta a diferentes consultas sobre as posibilidades de financiamento comunitario de proxectos promovidos por distintos departamentos e organismos da Xunta de Galicia, así como por outras entidades galegas: Deputación de Pontevedra, Dirección Xeral de Planificación e Fondos, Consorcio Galego do Audiodivisual, Consorcio da Zona Franca de Vigo, Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Plataforma de innovación da Consellería de Sanidade, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

Asociación Textil Gallega, Asociación de Amigos do Casco Histórico de Betanzos, Universidade de Santiago, Festival Amal de cine Árabe, Concello da Coruña, Feira de Industrias Culturais de Galicia, Radio Galega e Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal.

- Asesoramento á Consellería de Traballo e Benestar para entrar a participar nunha proposta de proxecto presentada ao programa Progress.
- Asesoramento á Confederación Empresarial de Ourense sobre as convocatorias abertas do 7º Programa Marco de I+D.
- Asistencia, en representación da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia, á presentación en Bruxelas do proxecto CFA EFFIPLAT, no que participa como socio.
- Asistencia á presentación en Bruxelas do proxecto Nanofar, financiado polo programa Erasmus Mundus, no que participa a Universidade de Santiago de Compostela.
- Asistencia á presentación en Bruxelas do proxecto "Voix de Traverse", financiado polo programa Cultura e no que participa a Fundación Illa San Simón e a Xunta de Galicia.

BUSCA DE SOCIOS TRANSNACIONAIS

Prestouse asesoramento específico para a busca de socios transnacionais, dado que é un dos requisitos indispensables que se esixen á hora de participar en proxectos europeos. Na páxina web, publicáronse 187 avisos de entidades europeas que buscan socios para presentar proxectos a programas de financiamento comunitario.

Así mesmo, realizáronse diversas xestións para a identificación e posta en contacto entre entidades galegas e estranxeiras, como a difusión dunha proposta de proxecto para participar nunha convocatoria do programa *Daphne II* liderada pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

ACTOS NA FGE

Durante 2012, a sala de reunións e conferencias da oficina de Bruxelas foi cedida para a celebración dos seguintes actos en relación cos proxectos europeos entre os que destaca a **Reunión do Grupo Compostela de Universidades, o día 30 de outubro**. A Fundación Galicia Europa acolleu na súa oficina de Bruxelas a reunión dos socios europeos do Grupo Compostela de Universidades, en virtude do convenio asinado en 2012. O Grupo Compostela utilizou as instalacións da FGE para organizar o primeiro encontro do proxecto europeo EMMA-Embracing the Modernisation Agenda. Este proxecto, financiado polo Programa de Aprendizaxe Permanente da UE e coordinado polo Grupo Compostela, reuniu aos servizos educativos de Bruxelas, á asociación flamenca de empresarios e á asociación alemá de estudantes Erasmus, para dar a coñecer a axenda europea de modernización da educación superior, lanzada a finais de 2011.

3.2. Participación da FGE en proxectos europeos

Ademais de fomentar a participación galega en proxectos europeos, a propia Fundación Galicia Europa participa en proxectos que contribúen a promover os valores europeos en Galicia, sobre todo entre os máis novos. En febreiro de 2012 presentou unha proposta a unha convocatoria do programa “Europa cos Cidadáns” en colaboración con dúas entidades romanesas, que finalmente non foi seleccionada debido ao alto número de candidaturas presentadas.

ECO-INNOVA

A FGE participa no proxecto Eco-innova, liderado polo Concello de Ourense en colaboración con diversas entidades nacionais e internacionais. O proxecto enmarcase dentro do Programa de Cooperación Transnacional da UE “Espazo Atlántico”, que promove a cooperación en distintas áreas das rexións da fachada atlántica de Irlanda, Reino Unido, Francia, Portugal e España, durante o período 2007-2013, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

O obxectivo esencial de Eco-innova é crear unha estrutura transnacional para informar, promover e promocionar a ecoinnovación entre as pemes das rexións participantes. Xunto coa FGE e o Concello de Ourense, participan no proxecto a Axencia de Desenvolvemento Rexional ADRAT (Portugal); dúas incubadoras de empresas -ACIBTM (Portugal) e Bordeaux Productic (Francia)- e a University of Glamorgan (Reino Unido).

O proxecto iniciouse en 2010 e rematará en xuño de 2013 e o seu orzamento total ascende a 1.435.489,54 euros, cun 65% financiado polo fondo FEDER.

Ao longo de 2012, presentouse o estudo realizado pola FGE no Comité de dirección celebrado en Chaves (Portugal) os días 2 e 3 de abril. Ao longo do ano, seguiuse traballando na plataforma Toolbox, unha ferramenta dende a que se pode acceder a diversas áreas de intervención, onde poderá obter información ao respecto da estratexia do proxecto, comercialización,

traballo en rede ou proxectos piloto, asumindo a FGE a coordinación desta na Comunidade Autónoma de Galicia e encargándose da parte de comercialización. Esta plataforma foi presentada antes da reunión que tivo lugar en Burdeos en xullo de 2012 e enviada a todos os socios, especialmente a INCUBO, por ser eles os que dirixen esta actividade.



Ademais, mantivéronse diversas reunións de equipo e de traballo, tanto no seo da Fundación, como con outros socios para asegurar o bo resultado da Toolbox. Exemplo deste traballo é o informe *“Toolbox. Servizos transnacionais para a promoción e a facilitación da eco-innovación e o eco-emprendemento. Consideracións ao respecto da ferramenta Toolbox.”*.

O 15 de outubro presentouse a representantes de diferentes sectores empresariais e profesionais a nova plataforma Toolbox de prestación de servizos transnacionais no terreo da eco-innovación e do eco-emprendemento.

Nesta reunión de traballo, que tivo lugar na sala de xuntas da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE participaron diversas entidades dos sectores agrícola, medio ambientais, de innovación, tecnoloxía, consultoras, expertos en eco-innovación e entidades que agrupan empresarios e profesionais dos sectores do medio ambiente e a innovación. Durante a reunión, puxéronse en común os resultados dos test realizados á plataforma dixital por estes grupos, asociacións empresariais e expertos que serán os futuros destinatarios destes servizos.

En canto ao seguimento e avaliación, encargáronse as auditorías do ano 2011 e a redacción da memoria de actividades e avaliación do proxecto de 2010 ata 2012.

Realizáronse dous talleres de sensibilización co obxectivo de crear grupos de pequeno formato para a difusión nos sectores escollidos, ambos os dous con bos resultados de participación en canto á diseminación:

- Taller de sensibilización. A eco-innovación na comercialización de produtos agrícolas e ornamentais. Melide, 22 de novembro.
- Taller de sensibilización. Medidas para a innovación no campo da acumulación ambiental e patrimonial. Oleiros, 29 de novembro.

Editáronse na publicación Revista ECO-Revista do Eixo Atlántico diversos artigos sobre o proxecto, na súa edición imprimida no mes de setembro, e na versión dixital nos meses de marzo, abril, maio, agosto e novembro.

O traballo emprendido no proxecto Eco-Innova plásmase na web da Fundación, coa redacción dun boletín electrónico (en formato dixital) no que se informa puntualmente dos avances. Durante 2012, as actualizacións do proxecto puidéronse consultar nos boletíns 6 (marzo), 7 (maio) e 8 (outubro).

EMPRENDE

O proxecto Emprende de cooperación transfronteiriza foi presentado na segunda convocatoria do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP), como continuación ao proxecto "Espazo Xuvenil". Liderado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia, conta coa participación da FGE, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), o Instituto Português da Juventude (IPJ) e a Federación Nacional de Asociacións Xuvenís (FNAJ). O obxectivo común dos integrantes é promover a creación de emprego por parte dos mozos da Eurorrexión, apoiando as iniciativas xuvenís emprendedoras.

Entre as actividades do proxecto realizadas en 2012 merecen especial mención as "Axudas a Iniciativas Xuvenís Emprendedoras. Acción 3: Apoio á internacionalización de empresas, asociacións e entidades prestadoras de servizos á xuventude". O persoal da FGE, na súa sede de Santiago de Compostela, mantivo reunións con diversas entidades co fin de asesoralas e apoialas no seu afán de internacionalización. As entidades recibidas foron o Concello de Vilagarcía de Arousa, Fundación Andrea, Proxecto Home e Liceo Casino Vilagarcía. Os resultados son unha serie de informes proporcionados a estas entidades para a súa futura proxección.



Na actividade "Formación para emprendedores xuvenís, Acción 7: Promoción e difusión. " Publicáronse no ano diversos artigos na revista ECO - Revista do Eixo Atlántico, nos seus dous formatos

- Formato dixital. Os días 20 de febreiro, 19 de marzo, 24 de xullo e 6 de agosto
- Formato papel: número 255 - agosto de 2012

Tal e como se recollía no formulario de candidatura, a Fundación Galicia Europa encargouse da promoción e difusión desta actividade 3. A entidade publicou en formato USB e web da Fundación Galicia Europa as chamadas "preguntas frecuentes" ou "faq's" sobre a creación de empresas e posibilidades formativas para os mozos da eurorrexión.

En colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia (socio do proxecto) elaborouse un repositorio das dúbidas máis frecuentes que teñen os mozos á hora de acometer unha formación determinada e de poñer en marcha unha actividade empresarial. É un produto que xorde das necesidades que aparecen no día a día no momento de realizar unha tarefa de asesoramento empresarial. O obxectivo é proporcionar unha ferramenta útil para o fomento das iniciativas xeradas pola xuventude en tres ámbitos: a xeración dunha empresa, a formación e a busca de emprego. Para isto recompilouse e traballáronse as respostas sobre as distintas cuestións de diversa natureza, que se viñan presentando en gabinetes de asesoramento e outras iniciativas similares intentando adaptar as respostas a unha linguaxe sinxela. Fíxose un

traballo de recompilación e de síntese para conseguir agrupar máis de 150 preguntas baixo tres temas: como crear unha empresa, como formarse e como encontrar un emprego. Finalmente, optouse por un formato áxil (PDF interactivo), de doado manexo e visualmente atractivo destinado ao público novo pero que pode ser utilizado polo público en xeral.

No ano 2012, o labor da FGE foi variado, dende o apoio á elaboración do repositorio, supervisión da publicación en formato USB (300 exemplares), notas de prensa e mesmo a súa presentación en diversas actividades.

Mención especial hai que facer ao programa CONECTA, que se presenta como o apoio necesario para a xuventude galega dende o punto de vista do emprendemento. Cada unha das sete sesións (celebradas en sete concellos diferentes) tivo un tema definido e complementario, vinculado aos eixes de actuación (educación, emprego, creatividade e espírito emprendedor, vivenda, saúde e deporte, voluntariado e solidariedade, información xuvenil, participación e mobilidade) do proxecto, sempre co obxectivo de ofrecer oportunidades e motivar a participación da xuventude. As tarefas da FGE nestas accións do programa CONECTA centráronse en dar apoio ao Xefe de Fila na organización de todos os actos, xa sexa centralizando as inscricións e a comunicación das xornadas ou coa colocación dun posto ao que os mozos puideron acudir para solicitar información ao persoal que estaba presente no posto da oficina da Fundación Galicia Europa en Santiago de Compostela.

3.3. Oficina de Información Europea para a Xuventude

A Fundación Galicia Europa acolle a Oficina de Información Europea para a Xuventude grazas ao convenio que mantén coa Consellería de Traballo e Benestar (ver punto 1.4). Esta oficina encárgase de diferentes proxectos europeos que teñen por principais beneficiarios aos mozos:

- Eurocidade Chaves - Verín II: proxecto enmarcado no Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) e liderado polo Concello de Verín. A través del, preténdese sentar as bases dunha cooperación de segunda xeración que permita converter a Eurocidade Chaves-Verín nun instrumento de desenvolvemento rexional. Esta iniciativa permitiría poñer en marcha accións que melloren a calidade de vida dos cidadáns a través de medidas como a creación dunha

oficina da xuventude conxunta e dunha unidade de desenvolvemento de paquetes turísticos comúns.

- Imaxina Atlántica: enmarcado no Programa Operativo Espazo Atlántico 2007-2013, o proxecto está liderado polo socio francés Communauté d'Agglomération du Grand Angoulême (COMAGA). Os seus obxectivos céntranse no terreo da creatividade xuvenil. As accións que impulsa son as seguintes: constituír un polo atlántico de competencias e de recursos da imaxe; crear produtos e circuítos turísticos/culturais con recursos mobilizados e as capacidades de expresión dos territorios; definir e poñer en marcha un programa de intercambios de estudantes ou profesionais; e organizar seminarios técnicos internacionais.

04

Información sobre a UE en Galicia



Páxina de inicio do portal web da Fundación Galicia Europa

4.1. Portal web

Dende o ano 2006 a Fundación Galicia Europa conta cun completo portal web para achegar aos cidadáns a actualidade europea. Actualizado diariamente, o portal ofrece aos usuarios a posibilidade de coñecer de primeira man que está sucedendo en Europa, e como aquilo que se decide en Bruxelas pode afectar a Galicia. Tamén recolle todo tipo de información para a execución e planificación de proxectos europeos ou para a realización de períodos de prácticas en institucións comunitarias.

Ao longo de 2012, ao redor de **32.000 persoas**, 15.259 visitantes absolutos, accederon á web da FGE, o que supón unha media de case 2.700 usuarios ao mes procedentes de máis de corenta países diferentes, sendo España e Bélxica os países que achegan un maior número de navegantes. Cada usuario permanece na web da FGE unha media de catro minutos e medio, e dentro desta, consulta aproximadamente catro páxinas por sesión.


As visitas ao portal distribúense equitativamente entre aqueles usuarios que acceden directamente, os que o fan a través de motores de busca e os que acceden a través doutros sitios web, observándose un aumento das visitas procedentes da rede social Facebook. A páxina de inicio é a páxina máis visitada, seguida do apartado de bolsas e o apartado dedicado ao financiamento comunitario.

4.2. Redes sociais

Co obxectivo de informar sobre as oportunidades que ofrece a Unión Europea en Galicia, a Fundación Galicia

Europa continuou en 2012 actualizando e xestionando a súa presenza en catro redes sociais: Facebook, Twitter, Flickr e Youtube. Esta presenza en redes nace da necesidade de encontrar novas canles de comunicación próximas ao noso público obxectivo.

A través das redes sociais, a FGE comparte principalmente información práctica relacionada coa UE como guías informativas, publicacións da UE, bolsas, concursos e ofertas de emprego. Tamén comparte as principais noticias e novidades, que se actualizan na súa páxina web.



Facebook da Fundación Galicia Europa

O número de seguidores nas citadas plataformas aumenta semanalmente, sendo Facebook e Twitter as redes que acumulan un maior número. Isto débese a que estas redes son actualizadas diariamente, mentres que os vídeos de Youtube e as fotos de Flickr se comparten en función dos actos organizados pola FGE. Dende a apertura das contas, a comezos de 2011, ata finais do ano 2012, contabilizáronse un total de 350 seguidores en Facebook, e 450 en Twitter. De entre estes seguidores, apréciase unha lixeira maioría de público feminino, así como unha maior cantidade de seguidores cuxas idades se sitúan entre os 25 e os 34 anos.

Grazas a esta presenza en redes sociais, a FGE reforza a súa comunicación dirixida ao público novo e cumpre cunha das prioridades fixadas para 2012: contribuír á formación e ao emprego en Galicia.



Cuenta en Twitter da FGE

4.3. Boletín electrónico



Boletín dixital enviado quincenalmente a máis de dous mil suscritores

A páxina web da Fundación Galicia Europa invita aos usuarios a subscribirse ao seu boletín electrónico, que ten unha periodicidade quincenal. Con respecto ao ano anterior, o número de suscritores deste boletín aumentou en máis de 400, pasando de preto de 1.800 a preto de 2.200.

O boletín recolle a actualidade da FGE e da UE, as convocatorias e as buscas de socios para participar en programas de financiamento comunitario. En total, en 2012 enviáronse 252 convocatorias de proxectos europeos e 202 buscas de socios para participar neles. Tamén se inclúe no boletín a axenda de actividades da FGE.

4.4. Colaboración cos medios de comunicación

A Fundación Galicia Europa colabora dende 2006 coa Revista do Eixo Atlántico ECO, elaborando un artigo mensual de opinión en relación con algún tema comunitario de especial interese para Galicia. En 2012, publicáronse os seguintes artigos:

- Novas estratexias de cooperación: “As macrorrexións”
- Recetas europeas para impulsar o crecemento e o emprego
- Construindo unha Europa dinámica. A hora das pemes
- O apoio ás pemes na UE.: unha aposta clave para saír da crise
- Europa si aposta pola educación
- As rexións europeas unidas fronte aos desafíos do sector naval
- Está en perigo a democracia en Romanía?
- Unha estratexia marítima para a zona atlántica
- O futuro marco subestatal en Europa, a debate

- Unha oportunidade para restaurar a credibilidade da UE

A FGE tamén ofrece apoio a xornalistas galegos que acoden á capital comunitaria invitados polo Comité das Rexións da Unión Europea, co obxectivo de fomentar o coñecemento e o interese dos cidadáns galegos polos asuntos comunitarios. En 2012, este apoio plasouse en diferentes actividades en Bruxelas:

- **Reunión cun grupo de xornalistas galegos e portugueses desprazados en Bruxelas.** O 18 de xaneiro, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e a directora da oficina da FGE en Bruxelas, explicaron a un grupo de quince profesionais da información o labor realizado pola Fundación na promoción da participación de Galicia en proxectos europeos. Este encontro enmarcouse dentro da visita ás institucións europeas organizada polas representacións da Comisión Europea en España e Portugal, en colaboración co Eixo Atlántico.



Reunión cun grupo de xornalistas galegos e portugueses na oficina de Bruxelas da FGE

- **A participación de Radio Galega na sesión plenaria do Comité das Rexións.** Invitada polo CdR, unha xornalista dos informativos da radio autonómica desprazouse a Bruxelas os días 15 e 16 de febreiro para realizar a cobertura informativa da sesión plenaria deste órgano comunitario, no que foi aprobado un ditame liderado por Galicia. A viaxe foi coordinada pola Fundación Galicia Europa, dando como resultado a emisión de tres crónicas nos informativos da Radio Galega sobre a participación galega nos asuntos comunitarios.
- **Participación na emisión especial do programa “Europa 2012” de TVE.** As oficinas de representación autonómica en Bruxelas participaron o 4 de decembro na gravación dun programa especial de “Europa 2012” de

TVE, emitido dende o estudio de televisión do Parlamento Europeo, con ocasión da celebración do seu décimo aniversario. Co formato de “Teño unha pregunta para vostede”, un representante de cada oficina rexional formulou unha pregunta ao secretario de Estado para a Unión Europea, Iñigo Méndez de Vigo, abrangendo un amplo espectro de temáticas como a pesca, o futuro da UE ou o orzamento plurianual da UE. En resposta á pregunta da FGE, Méndez de Vigo defendeu a importancia da política de cohesión a nivel europeo e a conveniencia de que as rexións que xa non estean no grupo das menos desenvolvidas sigan percibindo fondos europeos con carácter transitorio. (<http://www.rtve.es/alacarta/videos/europa/europa-2012-07-12-12/1616713/>)



Gravación do programa “Europa 2012”
no Parlamento Europeo

4.5. Resolución de consultas

As oficinas da Fundación Galicia Europa en Bruxelas e en Santiago tamén resolven e atenden consultas personalizadas de particulares e empresas con carácter habitual. Ao longo do ano 2012, rexistráronse en torno a quince consultas mensuais sobre posibilidades de financiamento comunitario, participación en proxectos europeos, etc. É destacable a tarefa de asesoramento en información sobre posibilidades laborais na Unión Europea ou nun ámbito internacional, resolvendo as consultas dun público maioritariamente mozo.

05

Formación e sensibilización

5.1. Bolsas

A formación da xuventude nos asuntos europeos é un dos piares da actividade da Fundación Galicia Europa. Cada ano convócanse bolsas para que os mozos galegos poidan incrementar o seu coñecemento sobre a UE.

Estas bolsas diríxense maioritariamente a licenciados que queiran especializarse nas políticas comunitarias, co obxectivo de favorecer a súa proxección profesional no ámbito europeo. Dende a súa creación en 1988, estas bolsas permitiron a máis de 400 persoas aumentar os seus coñecementos sobre a UE, realizar prácticas nas institucións comunitarias, noutros organismos e nas oficinas da Fundación Galicia Europa.

No ano 2012 concedéronse un total de 6 bolsas, repartidas nas seguintes liñas de acción:

- Catro bolsas para a formación en prácticas de licenciados universitarios en temas relacionados coa Unión Europea nas oficinas da Fundación Galicia Europa en Santiago de Compostela e Bruxelas.
- Unha bolsa para a formación en prácticas de licenciados universitarios en Ciencias da Comunicación para a difusión das actividades da FGE, da Xunta da Galicia e das empresas do sector público galego.
- Unha bolsa para a formación en prácticas de licenciados universitarios en Ciencias da Comunicación no ámbito da cooperación transfronteiriza entre Galicia e a Rexión Norte de Portugal, na oficina da Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal (AECT-GNP) de Vigo.

RELACIÓN DE BENEFICIARIOS EN 2012

Bolsas para a realización de prácticas nas oficinas da Fundación Galicia Europa

Do 16 de xaneiro ao 15 de decembro de 2012.

Oficina de Santiago de Compostela

Cosmin Gabriel Bolea
María Montoiro Salvado

Oficina de Bruxelas

Alexandra Lorena Van de Kolk
Xoana López López
María Munín González - Comunicación

Oficina da AECT de Vigo

Julio César Piñeiro Sabarís



As bolseiras da oficina da FGE en Bruxelas, xunto a persoal da Fundación

5.2. Visitas formativas a Bruxelas

A FGE presta apoio a grupos galegos de estudantes, asociacións e outros colectivos que acoden á capital belga para formarse e familiarizarse coas institucións europeas e coñecer de preto o labor que realizan. O equipo da oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas acolle estes grupos na súa oficina para explicarlles de primeira man o papel de Galicia na armazón comunitaria e ofrécélles asesoramento para a organización da axenda. En 2012, a FGE recibiu as seguintes visitas:

- **Visita dun grupo de alumnos do máster “Estudos da Unión Europea” (8 de marzo).** Catro alumnos deste posgrao impartido pola Universidade da Coruña visitaron a oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas dentro da súa estadía académica na
- **Visita dun grupo de axentes galegos de innovación (3 de xullo).** A oficina de Bruxelas da Fundación Galicia Europa acolleu a un grupo de axentes relacionados co ámbito da innovación, que participaron no curso de capacitación en xestión de proxectos europeos de

I+D, organizado polo CIS Galicia e a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. O encontro enmarcouse dentro dunha estadía de formación en Bruxelas de dous días de duración. En total, dez promotores, procedentes de universidades, empresas e centros tecnolóxicos, coñeceron de primeira man o labor das oficinas de representación autonómica en Bruxelas e, en especial, a asistencia prestada pola FGE ás entidades galegas interesadas en obter financiamento comunitario.

- **Visita dun grupo da Asociación de Empresarias de A Coruña (17 de outubro).** Unha delegación de membros da AECO visitaron a oficina de Bruxelas da FGE, nunha expedición que tivo como finalidade coñecer de primeira man o funcionamento das institucións da Unión Europea. Durante o encontro, o equipo da Fundación Galicia Europa deu a coñecer ás empresarias as liñas de financiamento comunitario ás que se poden acoller as pequenas e medianas empresas de Galicia.



Visita dun grupo da Asociación de Empresarias da Coruña á oficina de Bruxelas da FGE

- Visita da empresa tecnolóxica galega Quobis (14 de novembro).** A empresa galega Quobis, especializada en tecnoloxías emerxentes de comunicacións, visitou a oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas para tratar as posibilidades de aumentar a súa participación en proxectos europeos. A visita de Quobis enmarcouse dentro da súa participación na reunión do comité executivo da plataforma tecnolóxica europea no ámbito das redes de telecomunicacións (NetWorks), do que forma parte dende 2011. Quobis, ademais, participa na plataforma tecnolóxica europea de contidos dixitais (NEM) e na de satélites (ISI), ademais de formar parte no proxecto europeo Icarus, financiado polo 7º Programa Marco de I+D con 17,5 millóns de euros, para asistir con robots en operacións de busca e rescate de persoas.
- Visita dun grupo de voluntarios da ONGD Solidariedade Internacional Galicia (15 de novembro).** A FGE recibiu na súa oficina de Bruxelas a visita dunha delegación da ONG de desenvolvemento Solidariedade Internacional Galicia, que viaxou ata a capital comunitaria para coñecer de primeira man o funcionamento e o traballo das institucións europeas. Os voluntarios galegos visitaron tamén a sede do Parlamento Europeo en Bruxelas e o seu centro de visitas, Parliamentarium, onde puideron coñecer a actividade da institución a través de recursos multimedia interactivos. A visita dos voluntarios intégrase dentro da actividade de formación e sensibilización sobre asuntos europeos que leva a cabo en Galicia a Fundación Galicia Europa.



Grupo de voluntarios da ONGD Solidariedade Internacional Galicia

5.3. Cursos, seminarios e xornadas en Galicia

II PROGRAMA DE EMPLEA TALENTO

O Proxecto Emprende, do que a FGE é socia, puxo en marcha o segundo programa de Emplea Talento que ten como obxectivo achegar os mozos ao mundo directivo. A xornada tivo lugar o 10 de febreiro no Parque Tecnolóxico de Galicia (San Cibrao das Viñas, Ourense).

Durante unha tarde, os mozos participaron en relatorios sobre liderado, talento, valores, traballo en equipo, experiencia, éxitos e fracasos, motivación, innovación, etc. Tamén puideron participar activamente en coloquios con deportistas, nunha mesa redonda con directivos de recursos humanos de distintas empresas, e nunha charla estratéxica con directivos de diversas empresas galegas. Para finalizar a xornada, os asistentes tiveron á súa disposición o Espazo Ágora, un espazo de asesoría para a presentación de currículos e a realización de entrevistas; o espazo “Café e talento”, para charlar de xeito distendido cos directivos; e un taller de cociña para a mellora das habilidades de traballo en equipo.

PRESENTACIÓN DA “GUÍA DE PRÁCTICAS E SAÍDAS LABORAIS NA UNIÓN EUROPEA E ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS”

O equipo da oficina da FGE en Santiago de Compostela realizou unha serie de presentacións para dar a coñecer entre os estudantes universitarios este manual editado a finais de 2010, e actualizado neste ano. As citas foron na sede da UNED na Coruña (27 marzo); na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo (26 abril); no ForumEmprego, organizado pola

Universidade de Vigo nos seus tres campus (15, 16 e 18 maio); e na Feira de Emprego “Porremprego” no Porriño (22 e 23 novembro).



Persoal da FGE na presentación da Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e organizacións internacionais

XORNADA “ENCONTRO LIDERADO E ESTRATEXIA: AS CHAVES PARA O CAMBIO NA INTERNACIONALIZACIÓN DA EMPRESA”

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, en colaboración coa Asociación de Mozos Empresarios de Galicia (AJE), e co apoio dos socios do proxecto EMPRENDE, entre os que se encontra a FGE, organizou o “Encontro liderado e estratexia: as chaves para o cambio na internacionalización da empresa”. A xornada estivo dirixida a mozos con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos, e enmarcouse dentro do proxecto EMPRENDE, aprobado ao abeiro do Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 (POCTEP). A xornada tivo lugar os días 30 e 31 de marzo en Chaves, Portugal.

PUBLICACIÓN DA NOVA EDICIÓN DA "GUÍA DE PRÁCTICAS E SAÍDAS LABORAIS NA UNIÓN EUROPEA E EN ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS"

Dende o 21 de maio, púidose descargar dende a páxina web da FGE a nova versión da "Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e organizacións internacionais", actualizada para o ano 2012. Nesta edición, os mozos puideron encontrar dende as bolsas convocadas pola FGE, polas consellerías da Xunta de Galicia, por entidades públicas e privadas de prestixio, ou institucións da UE; ata aquelas ofrecidas por organizacións internacionais como a ONU, o FMI, a OMC ou o Banco Mundial. Tamén se incluíron as bolsas de cooperación internacional con organismos como a AECID, a Cruz Vermella ou Intermon Oxfam, ademais de bolsas destinadas á aprendizaxe de idiomas e á investigación.

ASESORAMENTO AO CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO SOBRE POSIBILIDADES DE FINANCIAMENTO EUROPEO

O 22 de xuño, membros do equipo da oficina da FGE en Santiago de Compostela desprazáronse a Vigo para asesorar en temas europeos aos dirixentes do Consorcio Zona Franca de Vigo. Despois de visitar as súas instalacións e de coñecer de primeira man os presentes e futuros proxectos desta institución, o equipo da FGE informou aos integrantes do Consorcio sobre as diferentes posibilidades de financiamento comunitario. O Consorcio vigués mostrou especial interese en coñecer os programas e convocatorias da UE máis orientados ao apoio das actividades e proxectos que nun futuro se propoñen desenvolver. Neste sentido, a Fundación fixo fincapé na presentación dos proxectos europeos relacionados coa promoción da I+D+i, como son o 7º Programa Marco ou o Programa Marco para a Competitividade e a Innovación.



Presentación da publicación "Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e en organizacións internacionais"

CREACIÓN DO “GABINETE DE INICIATIVAS XUVENÍS EMPRENDEDORAS TRANSFRONTEIRIZAS”

No marco do Proxecto Emprende, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, en colaboración coa FGE e coa Confederación de Empresarios de Galicia, puxo en marcha o “Gabinete de iniciativas xuvenís emprendedoras transfronteirizas”, unha ferramenta que axudará a converter as ideas de negocio dos mozos emprendedores en realidade. O Gabinete ofrece dous tipos de actividades; por unha parte, asesoramento de xeito presencial aos interesados a través da realización de seminarios sobre Emprendemento na Eurorrexión en diferentes localidades de Galicia; e, por outra, de forma simultánea, asesoramento en liña na dirección gabineteiniciativas.ctb@xunta.es



GABINETE DE INICIATIVAS XUVENÍS EMPRENDEDORAS TRANSFRONTEIRIZAS

Asesoramento e apoio á mocidade emprendedora de Galicia e do Norte de Portugal

CRONOGRAMA

SEMINARIO PRESENCIAL	MESE	SEMINARIO PRESENCIAL	MESE
SANTO DO COMBUSTÍVEL	18 DE MARZO	PONTEVEDRA	22 DE MARZO
FRANCA	18 DE MARZO	LA	22 DE MARZO
ERBEA	18 DE MARZO	MAI	22 DE MARZO
MESE	18 DE MARZO	MAI	22 DE MARZO
MONTEIRO	18 DE MARZO	A OUREA	22 DE MARZO
A OUREA	18 DE MARZO	VALENÇA	22 DE MARZO
BURELA	18 DE MARZO	O CARBALLIÑO	22 DE MARZO
VILA DE CRUCES	18 DE MARZO	VIÑA	22 DE MARZO
VIGO	18 DE MARZO	OURNAN	22 DE MARZO
		COMARCA DA TERA	22 DE MARZO

CONTACTO
gabineteiniciativas.ctb@xunta.es

MÁS INFORMACIÓN
www.xuventude.net
www.fundaciongaliciaeuropa.es
www.ceg.es

10 seminarios en 10a edición de abril a novembro.



PRESENTACIÓN DA NOVA PLATAFORMA TOOLBOX DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRANSNACIONAIS NO ÁMBITO DA ECO-INNOVACIÓN E DO ECO-EMPENDEMENTO

O 15 de outubro, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE presentou a nova plataforma Toolbox de prestación de servizos transnacionais no terreo da eco-innovación e do eco-emprendemento ante representantes de diferentes sectores empresariais e profesionais. Durante a reunión puxéronse en común os resultados dos diversos procesos de testado realizados á plataforma dixital por entidades dos sectores agrícola, medio ambiental, innovación e tecnoloxía; consultoras; por expertos en eco-innovación; e por entidades que agrupan empresarios, profesionais dos sectores do medio ambiente e da innovación, que serán os futuros destinatarios destes servizos. A FGE, no marco do proxecto Eco-Innova, pretende crear ecosistemas empresariais a través da innovación e favorecer a internacionalización das pemes dentro do marco ambiental



Presentación da plataforma Toolbox no marco do proxecto Ecoinnova

XORNADA INFORMATIVA “XUVENTUDE EN MOVEMENTO” NA EUROCIDADE TUI-VALENÇA

A eurocidade Tui-Valença acolleu o 26 e 27 de outubro unha xornada informativa sobre a iniciativa da Comisión Europea “Xuventude en Movemento - Youth on the Move”, que tivo como obxectivo mostrar aos mozos as oportunidades que ofrece a UE nos ámbitos da educación, formación, mobilidade e emprego. A FGE participou cun expositor nesta xornada, que incluíu charlas, debates, espectáculos de maxia, concertos, concursos e outras actividades.



Cartel da campaña “Xuventude en Movemento”

XORNADA INFORMATIVA “XUVENTUDE EN MOVEMENTO” NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Fundación Galicia Europa participou nas xornadas de “Xuventude en Movemento” (16-18 outubro), organizadas pola Universidade da Coruña e o Europe Direct, centro oficial de información da Comisión Europea pertencente á Deputación da Coruña, no Campus de Elviña (A Coruña). A Fundación tivo un posto propio onde o seu persoal técnico estivo a informar sobre distintas saídas profesionais para a xuventude galega na Unión Europea e en distintas organizacións internacionais. As sesións desenvóléronse baixo o lema “Emprégate a fondo, participa, emprende o teu futuro”, e cada unha das xornadas estivo vinculada a tres piares fundamentais: formación, emprego e emprendemento.



Persoal da FGE na Xornada informativa
“Xuventude en Movemento”

“ENCUNTRO INTERNACIONAL ECONOMÍA E CULTURA”

A FGE participou os días 16 e 17 de febreiro no “Encuentro Internacional Economía e Cultura”, celebrado na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, e cuxo obxectivo fundamental foi encontrar novas fórmulas de cooperación entre as empresas e o tecido cultural. No marco das xornadas, a FGE asesorou aos interesados sobre as diferentes vías de acceso ao financiamento comunitario, especialmente no referente aos proxectos europeos.



Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, que
acolheu o “Encuentro Internacional Economía e Cultura”

PROGRAMA CONECTA

O Proxecto Emprende, liderado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia e do que a FGE é socia, puxo en marcha o Programa Conecta, consistente en nove encontros territoriais enfocados ao emprendemento xuvenil e nun último encontro internacional que abrangueu as nove temáticas ou eixos de actuación contempladas no plan (educación, emprego, creatividade e espírito emprendedor, vivenda, saúde e deporte, voluntariado e solidariedade, información xuvenil, participación e mobilidade). O primeiro destes encontros, baixo o lema “Campus Emprende: o poder das ideas”, tivo lugar o 24 de marzo na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC en Santiago de Compostela.

XIII FORO EUROPEO DA ECO-INNOVACIÓN

A FGE participou no XIII Foro Europeo da Eco-innovación, que se celebrou os días 26 e 27 de novembro en Lisboa baixo o lema “Desenvolvendo novos mercados para a eco-innovación”. Xunto cos seus socios do proxecto Eco-innova, a FGE presentou a plataforma dixital “Toolbox” de servizos transnacionais, coa que se pretende facilitar a aplicación, por parte das empresas, de solucións innovadoras que protexan o medio ambiente. O obxectivo foi que os asistentes a este Foro entraran en contacto directo co “Toolbox”, a través do cal poderán obter información sobre o proxecto Eco-innova e os seus socios, descubrir iniciativas piloto no terreo da eco-innovación, coñecer as últimas novidades tecnolóxicas e consultar enlaces de interese.



Cartel pertencente ao XIII Foro Europeo da Eco-innovación

5.4. Celebración da Semana de Europa

Co obxectivo de conmemorar a creación dunha Europa unida, en torno ao 9 de maio a Fundación Galicia Europa organiza cada ano diferentes actividades orientadas a achegar Europa aos cidadáns de todas as idades. Mediante este tipo de accións a Fundación procura concienciar aos galegos sobre a importancia de pertencer ao proxecto europeo. Consciente de que a sensibilización dende a infancia é clave para contar con cidadáns comprometidos coa UE, a FGE inclúe todos os anos no seu calendario eventos especialmente deseñados para a mocidade.

Actividades organizadas co galo da Semana de Europa 2012:

- 8 de maio: relatorio no I.E.S. Luis Seoane (Monteporreiro, Pontevedra).
- 9 de maio: xornada "A política europea de apoio aos emprendedores e ás pemes: a súa aplicación en Galicia" (Santiago de Compostela).
- 12 de maio: XX edición da xornada de portas abertas nas institucións da UE (Bruxelas).

CHARLA NO I.E.S. LUIS SEOANE

Preto de 50 alumnos de 3º da ESO do I.E.S. Luis Seoane de Monteporreiro (Pontevedra), recibiron o 8 de maio formación sobre a Unión Europea por parte do persoal da FGE. Esta actividade, encadrada na axenda de actos organizados pola Fundación co galo da celebración do Día de Europa, tivo como obxectivo informar e formar

aos estudantes sobre a UE. Mediante unha presentación interactiva e diferentes actividades lúdicas, o equipo da FGE explicou aos alumnos do instituto pontevedrés que é a Unión Europea, como funciona e por que é importante para os mozos galegos, en calidade de cidadáns europeos, pertencer a este proxecto común. Así, membros da FGE expuxeron dun modo ameno e sinxelo a historia da UE, o seu funcionamento e as súas competencias. Tamén incidiron na importancia que ten a aprendizaxe de idiomas nun mundo cada vez máis globalizado, así como no valor engadido que supoñen as experiencias no estranxeiro.



Persoal da FGE participando no I.E.S. Luis Seoane con motivo do Día de Europa

CELEBRACIÓN DO DÍA DE EUROPA

O 9 de maio celebrouse en Santiago de Compostela a xornada "A política europea de apoio aos emprendedores e ás pemes: a súa aplicación en Galicia", na que participou o director xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea, Daniel Calleja Crespo. A FGE e a Xunta de Galicia, en colaboración coa Comisión Europea, a Confederación de Empresarios de Galicia e as Cámaras de Comercio de Galicia, organizaron esta xornada, que tivo lugar no local da Confederación de Empresarios de Galicia en Santiago de Compostela.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA DE EUROPA

"Un día como hoxe, o 9 de maio de 1950, Robert Schuman, ministro francés de Asuntos Exteriores, fixo pública unha Declaración que marcou o inicio da construción europea, do xeito en que hoxe a coñecemos. Nesta data celebramos o nacemento da Europa unida que xurdiu dos conflitos bélicos que asolaron o continente na primeira metade do século XX.

Europa non só sobreviviu ás súas guerras, senón que renaceu máis forte, máis libre e próspera, poñendo todos estes beneficios a disposición dos seus cidadáns. Así, Europa superou crises graves, como as sucesivas tensións petroleiras. Superou momentos críticos da guerra fría, como a mellora das defensas tácticas fronte á ameaza soviética. Foi capaz, tamén, de axudar e integrar aos países que se libraron da tiranía co derrube do muro de Berlín. E todo isto foi posible en tan escaso tempo histórico porque os alicerces cravados por Schuman e os restantes países fundadores eran rexios e estables.

Nun contexto como o actual, onde a crise transcende o económico e se impón a todos os niveis da sociedade, dende o goberno galego cremos que debemos apostar polo europeísmo construtivo, evitando solucións cortoplacistas baseadas en condutas egoístas e individualistas. Estamos, neste sentido, convencidos de que a solidariedade prescrita polos pais fundadores segue sendo a mellor medicina para loitar contra a crise e salvar este nobre ideal da unidade europea. Unha solidariedade que esixe, dende logo, o esforzo e o compromiso de todos, dentro dun plan conxunto que lle dea sentido e coherencia a longo prazo.

Non podemos esquecer que, en boa parte, o progreso que coñeceu Galicia nos últimos 25 anos e o seu desenvolvemento rural e urbano son o froito da nosa exemplar determinación e perseveranza: por unha parte, dunha boa xestión de axudas provintes de Europa, que conseguiron que a nosa rexión abandonase o obxectivo de Converxencia, e polo tanto o grupo de rexións menos avanzada do continente. Por outra, do noso esforzo por controlar o déficit e manter a un tempo os servizos públicos esenciais.

Hoxe en día Galicia camiña en Europa polo seu propio pé, da man dos seus socios europeos; busca traspasar as súas fronteiras e proxectarse ao exterior. Galicia continúa desenvolvéndose baixo a firme convicción de que soamente remando na mesma dirección que o resto de rexións e países europeos se conseguirá facer fronte aos problemas actuais e alcanzar os obxectivos propostos pola UE de cara a 2020. Grazas ao traballo conxunto de todos os cidadáns, Galicia, España e Europa avanza cara a un crecemento intelixente, sostible e integrador capaz de xerar altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social.

Tal e como adiantaba Schuman, Europa é unha obra que, baseándose na solidariedade, se constrúe paso a paso, a base de realizacións concretas. Se miramos cara a atrás e vemos como a Unión Europea naceu a partir dun continente en ruínas, poderemos apreciar os enormes progresos conseguidos. Por iso, aínda que o momento que nos tocou vivir estea marcado pola inestabilidade e a desconfianza, apostamos por mirar cara ao futuro con optimismo e por asumir as nosas obrigas con rigor, ambición e seriedade, na firme crenza de que un futuro mellor é posible."

06

Europa en Galicia. Quen é quen?

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Rúa dos Feáns, 3C baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel. 981 541 012; Fax 981 541 013
<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>
Correo: santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu

OFICINA DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA EN BRUXELAS

Rue de la Loi 38, 2
1040 Bruxelas
Tel. 0032(0)27355440
<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>
Correo: bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE

Rúa dos Feáns, 5 baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel. 981 541 001; Fax 981 541 003
Correo: sunioneu@xunta.es

OFICINA DE INFORMACIÓN EUROPEA PARA A XUVENTUDE DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Divulga información europea, orienta e asesora á xuventude para promover a súa participación en programas europeos.
Rúa dos Feáns, 3C baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel. 981 541 010; Fax 981 541 013
Correo: pilar.deloro.saez@xunta.es

CENTROS DE DOCUMENTACIÓN EUROPEA

Permiten o acceso ao público en xeral, especialmente da comunidade universitaria, á información sobre a Unión Europea e as súas diferentes políticas. Promoven e consolidan o estudo sobre a integración europea

Universidade de Santiago de Compostela
Facultade de Dereito
Campus Universitario Sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881 814 782 - 881 814 784; Fax 981 547 025
Correo: cede@usc.es

Universidade da Coruña
Facultade de Dereito
Campus de Elviña, s/n
15071 A Coruña
Tel. 981 167 000 (ext. 1628); Fax 981 290 310
Correo: cde@udc.es



EUROPE DIRECT

Ofrece información, asesoramento e respostas a preguntas dos cidadáns sobre lexislación, políticas, programas e posibilidades de financiamento da Unión Europea.

Europe Direct A Coruña
Deputación Provincial de A Coruña
Alfárez Provisional 2
15006 A Coruña
Tel. 981 080 331; Fax 981 080 354
<http://www.dicoruna.es/ipe>
Correo: europedirect@dicoruna.es

Europe Direct Lugo
Avda. Coruña, 490 (antigo cuartel de Garabolos)
27003 Lugo
Tel. 982 297 479; Fax 982 297 364
<http://www.lugo.es/europedirect>
Correo: europedirect-lugo@concellodelugo.org

ENTERPRISE EUROPE NETWORK

Rede promovida pola Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea que ofrece información e asesoramento a empresas sobre as oportunidades que a UE lles ofrece. Está presente nas Comunidades Autónomas do noroeste de España (Asturias, Cantabria, Castela e León e Galicia) a través do consorcio de entidades Galactea-Plus (<http://www.galacteaplus.es>). En Galicia, estas son as entidades que forman parte do consorcio:

CIS GALICIA (CENTRO DE INNOVACIÓN E SERVIZOS, TECNOLOXÍA E DESEÑO)

Apoia a transferencia de tecnoloxía entre empresas e a súa participación en programas de financiamento comunitario, especialmente os relacionados coa I+D+i.

A Cabana, s/n
15590 Ferrol
Tel. 981 337 146; Fax 981 337 171
<http://www.cisgalicia.org>
Correo: galactea@cisgalicia.org

IGAPE (INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA)

Informa e asiste ás empresas galegas en temas comunitarios, promove a cooperación empresarial e apoia a súa participación en programas europeos.

Complexo Administrativo San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 541 033; Fax 981 541 114
<http://www.igape.es>
Correo: galacteaplus@igape.es

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Presta información e asistencia sobre temas europeos ás empresas galegas, fomenta a cooperación entre elas, transmite á Comisión Europea as súas opinións e apoia a súa participación en programas europeos.

Rúa do Vilar 54
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 555 888; Fax 981 555 882
<http://www.ceg.es>
Correo: euroinfo@ceg.es

RED EURODESK A CORUÑA

Rede de centros de información relevante para xente nova sobre temas da UE

EURODESK A CORUÑA

Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade
Praza do Matadoiro, s/n
15703, Santiago de Compostela
Tel. 981 58 39 00; Fax: 981 58 39 42
Correo: ccinformacionxjuvenil.euodesk@xunta.es

EURODESK A CORUÑA


Asociación InGalicia
Puerta de Aires, 12 baixo
15011 A Coruña
Tel. 981 266 715
Correo: ingalicia@ingalicia.org

EURODESK VIGO

Asociación Xuvenil Abertal
Venezuela, 3
36203 Vigo, Pontevedra
Tel. 986 22 56 62
Correo: Paula.martinez@abertal.es

EURODESK LUGO

Avda. Coruña 490 (antigo cuartel de Garabolos)
27003 Lugo
Tel. 982 297 479; Fax 982 297 364
Correo: europedirect-lugo@concellodelugo.org



Anexo I: Índice de siglas

AECT	Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza
CARUE	Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea
CC. AA.	Comunidades Autónomas
CdR	Comité das Rexións
CE	Comisión Europea
CECICN	Conferencia de Redes Europeas Transfronteirizas e Interrexionais de Cidades
CEG	Confederación de Empresarios de Galicia
CIVEX	Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores do CdR
CORE	Colaboración das Oficinas Rexionais Españolas en Bruxelas
COTER	Comisión de Política de Cohesión Territorial do CdR
CROWC	Convergence Regions On The Way To Cohesion (Rexións Converxencia camiño da Cohesión)
CRPM	Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas
DG	Dirección Xeral da Comisión Europea

DG MARE	Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea
DG REGIO	Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea
FEDER	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
FGE	Fundación Galicia Europa
FSE	Fondo Social Europeo
GCT	Grupo de Coordinación Técnica dentro de CORE
IGAPE	Instituto Galego de Promoción Económica
PAC	Política Agrícola Común
PNR	Plans Nacionais de Reforma
POCTEP	Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal
PPC	Política Pesqueira Común
REPER	Representación Permanente de España ante a Unión Europea
RESOE	Macrorrexión de Rexións do Sudoeste Europeo
SOST	Oficina Española de Ciencia e Tecnoloxía
UE	Unión Europea

